

# **PROGRAMACIÓN DE CICLO**

## **Educación Infantil**

**E.E.I. DE OLAS  
Curso 2021-2022**

**TITORA: NOELIA CONCHADO CASTRO**

# ÍNDICE

1. INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN.....	3-5
2.BASES LEGAIS.....	6
3. OBXECTIVOS DE EDUCACIÓN INFANTIL.....	7-43
4. CONTRIBUCIÓN AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS.....	44-45
5. AVALIACIÓN E CRITERIOS.....	45-48
6. CONCRECIÓNS METODOLÓXICAS.....	48-51
7. APRENDIZAXES NON ADQUIRIDAS NO CURSO ANTERIOR.....	51
8. MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS QUE SE VAIAN A EMPREGAR.....	51
9. MEDIDAS DE ATENCIÓN A DIVERSIDADE.....	52
10. CONCRECIÓNS DOS ELEMENTOS TRANSVERSAIS QUE SE TRABALLARÁN.....	52-54
11. INFORMACIÓN E COMUNICACIÓN ÁS FAMILIAS.....	54
12. LIBROS DE TEXTO E OUTROS RECURSOS.....	55-56
13. UNIDADES DIDÁCTICAS.....	56
14. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES.....	56-57
15. ATENCIÓN EDUCATIVA.....	57-60
16. RELIXIÓN CATÓLICA.....	60-72
17. PLANS (PLAN DE CONVIVENCIA E PLAN DIXITAL DE CENTRO).....	72-74
18. PERÍODO DE ADAPTACIÓN.....	75
19. . AVALIACIÓN DA PROGRAMACIÓN.....	76

# 1. INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN.

A *Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación (LOE)*, modificada parcialmente no seu articulado pola *Lei Orgánica 3/2020, do 29 de decembro, pola que se modifica a LOE (LOMLOE)*, define o **Currículo** como a regulación dos elementos que determinan os procesos de ensino e aprendizaxe para cada unha das súas ensinanzas.

**O currículo esta integrado polos seguintes elementos:**

- a. Os obxectivos de cada ensinanza e etapa educativa.
- b. As competencias, ou capacidades para activar e aplicar de forma conxunta os contidos propios de cada ensinanza e etapa educativa, para lograr a realización adecuada das actividades e a resolución eficaz de problemas complexos.
- c. Os contidos, ou conxuntos de coñecementos, habilidades, destrezas e actitudes que contribúen o longo dos obxectivos de cada ensinanza e etapa educativa e a adquisición de competencias.
- d. A metodoloxía didáctica, que comprende tanto a descrición das prácticas docentes como a organización do traballo docente.
- e. Os criterios da avaliación do grado de adquisición das competencias e do logro dos obxectivos de cada ensinanza e etapa educativa.

A **programación didáctica**, trátase do **terceiro nivel de concreción curricular**, planificada para o curso académico **2021–2022** que ten en conta o **Decreto 330/2009, do 4 de xuño, polo que se establece o currículo da educación infantil na Comunidade Autónoma de Galicia, e a Orde do 25 de xuño de 2009, pola que se refula a implantación, o desenvolvemento e a avaliación do segundo ciclo da educación infantil**, en coherencia coa **LOE-LOMLOE** e co **Real Decreto 1630/2006 do 29 de decembro, polo que se establecen os ensinados mínimos do segundo ciclo da Educación Infantil**. Tamén temos en conta a **Orde do 19 de maio do 2021 pola que se aproba o calendario escolar na Comunidade Autónoma de Galicia, para o curso académico 2021-2022**, para a elaboración da presente programación. Asemade, para o desenvolvemento da programación didáctica na Educación Infantil do 2º ciclo temos en conta a definición de Programación como “o conxunto de unidades ordenadas e secuenciadas que se deseñan e desenvolven en cada ciclo ou nivel educativo” que se recolle no decreto da nosa etapa. Como Equipo Docente Da EEI de OLAs, planificamos e deseñamos unha programación aberta, globalizada,

cunha especial relevancia a colaboración e participación das familias no proceso de ensinanza e aprendizaxe, creando espazos e dispoñendo de momentos onde as familias e a escola gocen dun tempo xuntos. Así como un currículo aberto que de resposta axeitada ó tratamento da diversidade.

Para o **deseño da programación** temos en conta:

- Características do centro
- Características dos nosos alumnos e alumnas.

#### ✓ **Características do centro**

O centro é unha das dúas escolas rurais pertencentes ao Concello de Mesía, que comparte co C.P.I. de Xanceda o Servizo de Orientación. Contamos con dúas aulas: unha organizada por recunchos, onde realizamos a maioría das actividades e que conta cun portátil, un ordenador de mesa (cedido polo Concello) e unha P.D.I.; e a outra, que usámola de aula multiusos (plástica, psicomotricidade, desdobres de aula, para os recreos nos días de choiva...). Cabe salientar que nunha mesma aula convive infantil co alumnado de 2º de primaria. A programación didáctica está dirixida a 7 alumn@s en total, sendo 1 de 4º de EI, 4 de 5º EI de 6º de EI. A lingua materna maioritaria dos nenos é o galego, tendo en conta o que se establece no **Decreto 79/2010, do 20 de maio para o plurilingüismo**.

O nivel sociocultural das familias é medio-alto, adicándose a maioría deles á agricultura, gandeiría e ao sector servizos. Cabe destacar que a poboación está moi dispersa, circunstancia esta de gran importancia á hora do traslado do alumnado, xa que non existe transporte escolar. En canto a relación familia e escola, é importante sinalar que en xeral as relacións son boas, aínda que se traballará para mellorar esta relación e colaboración a través de diferentes vías e canles como: o Consello escolar e o ANPA e a través de reunións, entrevistas, realizando visitas ao colexio ó longo do curso. Fomentarase a participación nos proxectos didácticos que se realizarán ao longo do curso e aproveitando as novas canles de comunicación que nos ofrecen as novas tecnoloxías; correos electrónicos, web do centro, abalar, aula virtual, así como o caderno d bitácora. No curso 2021/2022 forman o

claustro **3** mestres, distribuídos nas seguintes especialidades: lingua estranxeira-inglés e relixión.

✓ **Características do alumnado**

Esta programación está pensada para levar a cabo co seguinte alumnado

<b>NIVEL</b>	<b>A</b>
<b>4º DE EI</b>	1
<b>5º DE EI</b>	4
<b>6º DE EI</b>	2

As características psicoevolutivas do alumnado de xeito global son as seguintes:

- A **nivel cognitivo** e seguindo o exposto por Piaget, atópanse no **Estadio Preoperacional** de pensamento simbólico.
- En canto ao **desenvolvemento afectivo e social** (Vygotski) son afectuosos e gústalles asumir pequenas responsabilidades; mentres que amosan unha **moral heterónoma** como expoñen Piaget e Kohlberg.
- No tocante á **linguaxe**, atópanse na **Etapa Lingüística** segundo Luque e Vila, prodúcese nela un notable avance e é egocéntrica.
- No **ámbito psicomotor** tomando como referencia a Wallon, están no **Estadio do Personalismo**, iniciándose no emprego da pinza superior.

É importante crear un clima de confianza e seguridade na clase en particular, e no centro en xeral, prestando especial atención á atención á diversidade e a aqueles nenos e nenas con **Necesidades Específicas de Apoio Educativo** (NEAE) que poidan incorporarse o centro.

Neste centro non contamos con nenos e nenas que presentan necesidades a pesar diso, tratarase a posteriori no apartado de **Atención á diversidade**.

O noso centro conta con Proxecto Lingüístico e el establécese o tratamento das dúas linguas cooficiais co fin de que a finais da etapa de primaria, acaden igual dominio nas mesmas.

## 2. BASES LEGAIS.

Á hora de xustificar á programación que estamos a deseñar partiremos do exposto na **Orde 19 de maio do 2021 pola que se aproba o calendario escolar para o curso 2021/2022, nos centros docentes sostidos con fondos públicos na Comunidade Autónoma de Galicia.**

Temos en conta tamén, a **Resolución do 17 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de educación infantil, educación primaria, educación secundaria obrigatoria e bacharelato no curso académico 2021-2022. Así como a Resolución do 10 de setembro de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se dictan instrucións para a adopción de medidas organizativas nos centros educativos como consecuencia da pandemia da COVID19.**

A nivel educativo partiremos nesta etapa educativa do exposto na:

- **Lei Orgánica 2/2006 do 3 de Maio de Educación (LOE), reformada pola Lei Orgánica 3/2020, do 29 de Decembro pola que se modifica a LOE (LOMLOE).**
- **O Real Decreto 1630/2006 do 29 de Decembro polo que se establecen as ensinanzas mínimas do segundo ciclo de Educación Infantil e o Decreto 330/2009 de 4 de Xuño polo que se establece o currículo de Educación Infantil na Comunidade Autónoma de Galicia.**
- **A Orde do 25 de Xuño de 2009 pola que se regula a implantación, o desenvolvemento e a avaliación do segundo ciclo de Educación Infantil na Comunidade Autónoma de Galicia.**
- **Decreto 229/2011 do 7 de Decembro polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se impartan as ensinanzas establecidas na LOE.**

## 3. OBXECTIVOS DE EDUCACIÓN INFANTIL.

Os *obxectivos*, segundo **Morales** (1995) expresan con claridade o que se espera que o alumnado aprenderá ao acabar o curso ou a etapa educativa, informando do resultado ou do cambio esperado dos alumnos/as como consecuencia do proceso de ensinanzaaprendizaxe.

Existen diversos **tipos de obxectivos** segundo quen sexa o destinatario (familias, centros, mestres ou alumnado), da concreción (xerais da Educación, de etapa, de área ou

específicos da programación) ou do tipo de capacidades que desenvolven (cognitivos, socio-afectivos ou psicomotores). Neste senso está a **finalidade da Educación Infantil** que, segundo o noso currículo, é contribuír ao desenvolvemento físico, intelectual, afectivo e social das nenas e dos nenos, finalidade que se alcanzará a través dos obxectivos.

Para a **secuenciación** destes, debemos ter en conta as características do alumnado e a coherencia coa materia, traballándoos ordenadamente. Así, os obxectivos que perseguimos con esta Programación Didáctica son os expostos nas táboas presentadas a continuación.

É importante destacar que para alcanzar o grado de consecución dos obxectivos, planificamos unha serie de **contidos**. Os *contidos* son un instrumento que permite desenvolver ao alumnado as capacidades que están recollidas nos obxectivos, previamente explicados. Non son fins en si mesmos, senón que son os medios utilizados para conseguir os logros esperados (**Muñoz e Zaragoza, 2010**).

Estes contidos abordaranse por medio de **actividades globalizadas** que teñan **interese** e **significado** para os discentes tal e como se nos indica no noso decreto curricular.

## **OBXECTIVOS XERAIS DA ETAPA**

- 🕒 Coñecer o seu propio corpo e o das outras persoas, as súas posibilidades de acción e aprender a respectar as diferenzas.
- 🕒 Observar e explorar o seu contorno familiar, natural e social.
- 🕒 Adquirir progresivamente autonomía nas súas actividades habituais.
- 🕒 Desenvolver as súas capacidades afectivas.
- 🕒 Relacionarse cos demais e adquirir progresivamente pautas elementais de convivencia e de relación social, así como exercitarse na resolución pacífica de conflitos.
- 🕒 Desenvolver as habilidades comunicativas en diferentes linguaxes e formas de expresión.
- 🕒 Iniciarse nas habilidades lóxico – matemáticas e achegarse á lectura e escritura como medio de comunicación, información e gozo.

🕒 Sentir o xesto, o movemento e o ritmo como recursos para a expresión e a comunicación

🕒 Achegarse, na medida das posibilidades, ao uso das tecnoloxías da información e da comunicación.

## OBXECTIVOS POR ÁREAS

### Área I: Coñecemento de si mesmo e autonomía persoal

#### 4º de Educación Infantil:

Área	Obxectivos	Contidos	Criterios de C.C. avaliación	Indicadores de logro	
CSM AP	Coñecer e representar o propio corpo identificando as súas partes máis globais e algunhas das súas funcións.	Coñecemento do esquema corporal global.	Recoñece, identifica, representa o corpo na súa globalidade e as súas diferentes partes	CSIE, E, CLL, CAA	-Sinala as partes principais do seu corpo.  -Logra un esbozo da figura humana, diferenciando cabeza e corpo, brazos, mans e pés
	Avanzar na precisión de xestos e movementos	Identificación, manifestación, regulación e control de necesidades básicas do corpo como o control de esfínteres e a hixiene no aseo.	Coordinar e controlar o seu corpo, as súas posibilidades motrices e adaptalo ás características dos obxectos, á acción e á vida cotiá.	CSIE, E, CLL, CAA	-Ten unha boa coordinación de movementos.  -Mantén o equilibrio estático: sobre un pé, nas puntas,...  -Controla o corpo en movemento, adaptando a resposta motriz ás





concepción de sí mesmo como un ser autónomo e independente.	preferencias e intereses propios e das demais persoas.	comprender os das demais persoas.		
Avanzar na precisión de xestos e movementos.	Aceptación do xogo como medio de desfrute e de relación cos demais.	-Participar en xogos, mostrando destrezas e habilidades manipulativas cada vez máis axustadas.	CS C, CSI EE	-Ten en conta ós compañeiros e compañeiras no desenvolvemento dos xogos.  -Participa en xogos amosando unha destreza motora axeitada ó agardado para a idade.
Adecuar o propio comportamento ás necesidades ou requerimentos das outras persoas, desenvolvendo actitudes e hábitos de respecto, axuda	Potenciación do xogo como elemento común a todas as culturas, partindo do coñecemento dos xogos propios da comunidade.	Participar en xogos e actividades colectivas aceptando as normas que os rexen.	CSC , CSIE E, CCL	-Supera o feito de non gañar nos xogos de competición.  -Intégrase en xogos e actividades

## 5º de Educación Infantil:

Área	Objetivos	Contidos	Criterios de avaliación	C.C	Indicadores de logro
CSM AP	Coñecer e representar o propio corpo identificando as súas partes máis segmentarias e precisas e algunhas das súas funcións, descubriendo as posibilidades de acción e expresión.	-Exploración do propio corpo, recoñecendo progresivamente as súas características e posibilidades, para chegar á toma de conciencia do propio esquema corporal.  -Vivenciación do corpo como un todo, para pasar a sentir as partes que o integran.	-Recoñece, identifica e representa o corpo na súa globalidade e as súas diferentes partes	CCL, CSIE E, CAA	Identifica e nomea segmentos corporais sobre si mesmo
CSMAP	Acadar cada vez unha maior precisión de xestos e movementos.	Recoñecemento e vivencia das referencias espazo-temporais, ás básicas en relación co propio corpo, coas perosas e co contorno.	Coordinar e controlar o seu corpo, as súas posibilidades motrices e adaptalo ás características dos obxectos, á acción e á vida cotiá.	CSIE . CMC T, CCL	Sitúa os obxectos e localízaos :diante -detrás, dentro-fóra, abaixo-arriba, preto-lonxe, enriba-debaixo, primeiro-derradeiro.

CSM AP	-Adquirir progresivamente a concepción de sí mesmo como un ser autónomo e independente pero valorando a necesidade dos demais. CSMAP.h - Amosar unha actitude de aceptación e respecto polas diferenzas individuais.	- Aceptación da identidade e características das demais persoas, respectando e valorando positivamente as diferenzas e evitando actitudes discriminatorias	-Identificar semellanzas e diferenzas entre as persoas valorando positivamente a diversidade.	CCL CSC CSI EE	Describe diferenzas e semellanzas entre persoas.
CSM AP	-Identificar os propios sentimentos e emocións, necesidade de preferencias, ser quen de expresalos e comunicalos e identificar tamén os das outras persoas. -Adquirir progresivamente a concepción de sí mesmo como un ser autónomo e independente pero valorando a necesidade dos demais.	-Control progresivo dos propios sentimentos e emocións. -Identificación, verbalización e expresión de sentimentos, emocións, vivencias, preferencias e intereses propios e das demais persoas.	Identificar e manifestar os propios sentimentos, vivencias, emocións e comprender os das demais persoas.	CSI EE CCL CSC	-Expresa e identifica nel/a mesmo/a diferentes estados de ánimo.  -Progresa no control dos seus sentimentos e emocións.
CSM AP	-Adecuar o propio comportamento ás necesidades	-Gozo co xogo como medio para coñecer a realidade,	-Participar en xogos e actividades colectivas	CSC CSI EE CCL	-Respecta aos compañeiros e compañeiras e persoas adultas

CSMA P	<p>ou requerimentos das outras persoas, desenvolvendo actitudes e</p> <p>hábitos de respecto, axuda e colaboración e evitando a adpción de comportamento s de sumisión ou dominios</p>	<p>mantendo unha actitude de axuda e cooperación con iguais e con adultos. Aceptación do xogo como medio de desfrute e de relación cos demais.</p>	<p>aceptando as normas que os rexen.</p>		
CSMA P	<p>-Coñecer e vivir o xogo como medio que favorece o desenvolvemen to humán, amanifestación de emocións, a aceptación de reglas, a aceptación propia, o respecto ós demais, e a seguridade persoal.</p>			<p>CSC CSI EE CCL</p>	
CSMA P	<p>-Tomar a iniciativa, planificar esequenciar a propia acción para realizar tarefas sinxelas ou resolver problemas da vida cotiá. -Progresar na adquisición de hábitos de orde, constancia e planificación no desenvolvemen to das tarefas.</p>	<p>Valoración e gusto polo traballo propio ben feito e polo das demais persoas, buscando os recursos axeitados que lle permitan concluir os proxectos que inicia, sendo quen de solicitar e prestar axuda.</p>	<p>Resolver con iniciativa e autonomía as actividades da vida cotiá, colaborar en tarefas e aceptar as normas.</p>	<p>CSI EE CSC CCL CAA</p>	<p>-Participa na planificación e desenvolvemen to dos proxectos de investigación na aula.</p> <p>-Ao rematar unha actividade ( individualment e e en equipo), colabora para ordenar o material-Ten autonomía nas accións encamiñadas a satisfaccións</p> <p>das necesidades</p>

					básicas: a alimentación, a hixiene e o coidado propio do seu contorno
--	--	--	--	--	---

## 6º de Educación Infantil:

Área	Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	C.C.	Indicadores de logro
CSMAP	- Coñecer e representar o propio corpo identificando as súas partes non visibles, e as súas funcións, descubrindo as posibilidades de acción expresión.	-Coñecemento do esquema corporal global.	-Recoñece, identifica e representa o corpo na súa globalidade e asúas diferentes partes	CCL CSIEE	-Chega á representación completa do esquema corporal
CSMAP	Acadar cada vez xestos e movementos máis precisos	Recoñecemento e vivencia das referencias espazo-temporais en relación co propio corpo, coas persoas e cos obxectos e co contorno.  -Adaptación do ton e da postura ás características do obxecto, da outra persoa, da súa acción e da situación.  -Coordinación progresiva das súas habilidades psicomotrices finas e grosas.  -Adquisición de nocións básicas de orientación e coordinación de movementos.	-Coordinar e controlar o seu corpo, as súas posibilidades motrices e adaptalo ás características dos obxectos, á acción e á vida cotiá.	CSC CSIEE	-Controla o corpo en movementos adaptados a resposta motriz ás dimensións e elementos do espacio (itinerarios, circuitos, percorridos...)  -Oriéntase ben en espacios exteriores e pouco coñecidos (saídas, excursións..).  -Ten unha boa coordinación de movementos.  -Presenta unha boa motricidade fina
CSMAP	--Formarse unha autoimaxe positiva, identificando gradualmente as	-Aceptación e valoración axustada e positiva da súa persoa,	-Construir unha imaxe positiva propia e aceptar a súa identidade, manifestando	CSIEE	-Ten iniciativa e intenta executala tendo en conta ós demais.

	propias características, posibilidades e limitacións a través da interacción coas outras persoas, desenvolvendo sentimentos de autoestima e acadando maior autonomía	confiando nas súas posibilidades e recoñecendo as limitacións propias.	confianza nas súas posibilidades e recoñecendo as súas limitacións.		-Recoñece e acepta as súas características persoais
CSMAP	-Amosar unha actitude de aceptación e respecto polas diferenzas individuais.	- Observación dos cambios físicos nas persoas ao longo do tempo. Identificación das diferentes etapas da vida, valorándoas positivamente.  -Aceptación da identidade e características das demais persoas, respectando e valorando positivamente as diferenzas e evitando actitudes discriminatorias.	-Identificar semellanzas e diferenzas entre as persoas valorando positivamente a diversidade.	CSIEE	- Identifica características diferentes nos outros e adopta posturas non discriminatorias.
CSMAP	--Expresar claramente os propios sentimentos, emocións, necesidades, preferencias, e identificar os das outras persoas.	-Identificación e verbalización e expresión de sentimentos, emocións, vivencias, preferencias e intereses propios e das demais persoas.	-Identificar e manifestar os propios sentimentos, vivencias, emocións e comprender os das demais persoas.	CSIEE CSC CCL	-Expresa e identifica nel/a mesmo/a e nos outros diferentes estados de ánimo, verbalizando as posibles causas dos mesmos.  -Amósase sensible aos sentimentos das outras persoas e préstalles axuda cando as ve en apuros.
CSMAP	Adeuar o propio comportamento ás necesidades ou requerimentos das outras persoas desenvolvendo actitudes hábitos	Gozo co xogo para coñecer a realidade mantendo unha actitude de axuda e cooperación con iguais e con	-Participar en xogos e actividades colectivas aceptando as normas que os	CSIEE CSC CCL	Intégrase en xogos de grupo cooperando cos demais nenos e



	<p>de respecto, axuda e colaboración e evitando a adopción de comportamentos de submisión ou dominio. -Vivir o xogo como medio que favorece o desenvolvemento humán, a manifestación de emocións, a aceptación de regras, a aceptación propia, o respecto ós demais, a seguridade persoal e a aceptación da identidade sexual e cultural.</p>	<p>adulttos.</p> <p>-Comprensión, aceptación e valoración de regras para xogar.</p> <p>-Aceptación de compromisos, establecendo acordos en consideración á súa persoa, ás outras e ao seu medio, fortalecendo vínculos afectivos: amizade, cooperación, axuda, solidariedade...a través do xogo.</p>	<p>rexen.</p>		<p>nenas.</p>
--	---	--	---------------	--	---------------

## Área II: Coñecemento do contorno

### 4º de Educación Infantil:

Ár ea	Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	C.C	Indicadores de logro
CC	Observar e explorar de forma activa o seu contorno, xerando interpretacións sobre algunhas situacións significativas, e amosando interese polo seu coñecemento.	Aproximación á cuantificación de coleccións.	Explorar os obxectos e elementos do contorno inmediato e actuar sobre eles. Recoñecer os seus atributos e cualidades. Agrupar, clasificar e ordenar estes elementos e coleccións segundo distintos criterios.	CCL, CMC T, CSIE E	-Agrupa os obxectos atendendo á posesión dalgún atributo  -Realiza series sinxelas seguindo un criterio dado.  -Identifica as propiedades físicas empregando os seus sentidos, amosando curiosidade polo mundo que o rodea.  -Agrupa e clasifica os obxectos atendendo a diferentes atributos e criterios de clasificación.
CC	Avanzar no dominio das habilidades matemáticas, establecendo relacións de agrupamentos e clasificación, orde e cuantificación.	Utilización da acción de contar como estratexia para a obtención dun dato numérico e como verificación do resultado de operacións de cálculo sinxelas e funcionais.	Empregar os números para identificar, contar, clasificar, informarse e ordenar elementos da realidade, aproximándose se ao seu valor notacional e conceptual.	CMC T, CSI EE, CCL	-Interasanlle os números e o seu emprego na vida cotiá, representándoos empregando diferentes estratexias (debuxando raías, puntos...)  -Fai uso dos números en situacións
					Funcionais e cun valor conceptual como : indicar as cantidades dos ingredientes dunha

					<p>receita, recoller o número de nenos que asisten a unha excursión, compeoñentes dun equipo, xogos de mesa...</p> <p>-Emprega a acción de contar como estratexia para a obtención dun dato numérico.</p> <p>-Emprega os cuantificadores máis, menos, igual.</p>
	<p>Avanzar no dominio das habilidades matemáticas, establecendo relacións de agrupamentos e clasificación, orde e cuantificación.</p>	<p>Exploración lúdica das propiedades e características dalgúns corpos xeométricos.</p>	<p>Recoñecer algúns aspectos xeométricos básicos: liñas, puntos, rectángulos, cadrados, triángulos, círculos,</p>	<p>CMC T, CSI EE, CCL</p>	<p>Explora lúdica-mente as propiedades e as características dalgúns corpos xeométricos elementais.</p>
	<p>Empregar o coñecemento matemático para interpretar a vida en clave de lóxica comprendendo e resolvendo problemas: establecendo relacións, explorando, ordenando, comparando, cuantificando, medindo, pesando,</p>	<p>Adquisición progresiva da noción do paso do tempo mediante as actividades da vida cotiá.</p>	<p>Usar e comprender nocións temporais básicas ordenando temporalmente feitos referidos á súa vida.</p>	<p>CM CT CSI EE CCL</p>	<p>-Capta a periodicidade e asocia tempos horarios con determinadas accións e situacións asociadas á súa actividade (saída ao recreo, xantar, durmir...), anticipando e recordando unha secuencia de eventos</p> <p>-Relaciona de forma básica feitos concretos cunha determinada época do ano (estacións do ano)</p> <p>-Diferenza as nocións temporais de: antes-despois- agora,</p>

					<p>-Relaciona os diferentes fenómenos atmosféricos coas iconas que as representan.</p> <p>-Secuencia 3 escenas</p>
--	--	--	--	--	--

CC	<p>Comprender que o contorno está sometido a cambios, relacionados cos factores que os producen</p> <p>Desenvolver actitudes de coidado, respecto e corresponsabilidade para a conservación do contorno.</p>	<p>Os axentes atmosféricos, a súa representación e relación cos cambios na natureza</p>	<p>Dar mostras por interesarse polo medio natural e os seus cambios. Manifestar actitudes de coidado e de respecto cara á natureza e participar en actividades para conservala.</p>	<p>CMC T, CSI EE, CCL</p>	<p>-Fai preguntas sobre obxectos, situacións, persoas e fenómenos, formula hipóteses e expresa as súas observacións, con linguaxe verbal e non verbal.</p> <p>-Participa nos proxectos e pequenas investigacións que se fan na aula.</p>
CC	<p>- Relacionarse cos outros, de forma cada vez máis equilibrada e satisfactoria, interiorizando progresivamente as pautas de comportamento social.</p> <p>-Coñecer e respectar as características, valores e formas de vida dos grupos sociais máis próximos á súa experiencia e identificarse como membro do mundo, respectando as diferencias dos outros</p> <p>-Establecer relacións de confianza, afecto, comprensión e pertenza, baseadas no respecto ás persoas, ás normas e valores da sociedade á que pertencen.</p>	<p>Colaboración co resto de compañeiros e compañeiras na vida da aula, amosando disposición para compartir e resolver conflitos. Incorporación progresiva de pautas adecuadas de comportamento.</p>	<p>-Identificar e coñecer os grupos sociais máis significativos do contorno do alumnado e algunhas características da súa organización.</p>	<p>CSI E, CC L, CS C</p>	<p>-Nas saídas, móstrase prudente e evita situacións de perigo.</p> <p>-Nomea os membros da súa familia (parentescos próximos) e outras persoas do seu marco social</p> <p>-Xoga con outros compañeiros e compañeiras da aula chegando a acordos</p> <p>-Conta cousas das súas experiencias familiares e transmite mensaxes da escola á casa e da casa á escola (contando, por nota...)</p> <p>-Busca a relación coa persona docente para: contarlle as súas cousas, vivencias, pedir axuda e pedir ou comprobar información sobre temas diversos.</p> <p>-Coñece e leva a cabo as rutinas da aula.</p>

					<p>Amósase conciliador/a cando xorde un conflito.</p> <p>-Colabora co resto de compañeiros e compañeiras na vida da aula, chegando a acordos,</p> <p>-Asume as responsabilidades que lle son asignadas.</p> <p>-Acepta, respecta e participa na elaboración das normas de funcionamento da aula e adapta o seu comportamento ás regras en diferentes contextos.</p>
CC	<p>Coñecer distintos grupos sociais próximos á súa experiencia, algunhas das súas características, producións culturais, valores e formas de vida</p>	<p>Achegamento ás funcións que cumpren diversas persoas, organizacións e institucións para cubrir necesidades e achegar servizos presentes na comunidade, evitando estereotipos sexistas.</p>	<p>Recoñecer, identificar e poñer exemplos sinxelos dalgúns servizos comunitarios.</p>	<p>CSI E, CC L, CS C</p>	<p>-Coñece algúns medios de transporte e comunicación.</p> <p>-Recoñece o persoal que traballa nas dependencias escolares e explica a súa función.</p>
CC	<p>-Coñecer e respectar expresións culturais dos grupos ós que se pertence. -Apreciar e facer seus algúns elementos significativos propios da tradición e cultura galegas. CC.f</p>	<p>Coñecemento dalgúns signos de identidade cultural galega apreciando os cambios que se producen no modo de vida co paso do tempo</p>	<p>Recoñecer algunhas manifestacións culturais próximas e doutras realidades, valorando a súa diversidade e riqueza.</p>	<p>CSI E, CC L, CS C</p>	<p>-Relaciona aspectos traballados na aula, con feitos culturais próximos.</p> <p>-Participa e recoñece as festas populares que se celebran no seu contorno, coñecendo feitos, costumes e obxectos relacionados con esas celebracións.</p>

## 5º de Educación Infantil:

Área	Objetivos	Contidos	Criterios de avaliación	C.C	Indicadores de logro
CC	- Observar e explorar de forma activa o seu contorno, xerando interpretacións sobre algunhas situacións significativas, e amosando interese polo seu coñecemento.	-Interese pola exploración e clasificación de obxectos presentes no medio, recoñecendo as súas funcións e usos cotiáns. -Recoñecement o dalgúns atributos e propiedades de obxectos e de materiais, e da súa aplicación na vida diaria.	-Explorar os obxectos e elementos do contorno inmediato e actuar sobre eles. Recoñecer os seus atributos e cualidades. Agrupar, clasificar e ordenar estes elementos e coleccións segundo distintos criterios.	CM CT CCL CSI EE	-Experimenta cos obxectos e materiais para obter información e observar as reaccións, describindo algúns dos seus atributos.  -Fai agrupacións de obxectos atendendo a unha determinada cantidade.  -Realiza series sinxelas seguindo un ou varios criterios dados.
CC	Avanzar no dominio das habilidades matemáticas, establecendo relacións de agrupamentos e clasificación e orde e cuantificación.	Recoñecemento do uso do número na vida diaria e no rexistro de cantidades.	Empregar os número para identificar, contar, clasificar, informarse e ordenar e elemento da realidade, aproximándose ao seu valor notacional e conceptual.	CM CT CCL CSI EE CS CAA	Representa cantidades empregando diferentes estratexias (debuxando os obxectos, raías...)
CC	Comprender que o entorno está sometido a cambios, relacionados cos factores que os producen, verificando se as hipóteses feitas sobre os cambios no contorno se	Curiosidade, respecto e coidado cara aos elementos do medio natural, especialmente animais e plantas.	Dar mostras por interesarse polo medio natural e os seus cambios. -Identificar e nomear algúns dos seus compoñentes establecendo relacións		Fai preguntas sobre obxectos, persoas, situacións e fenómenos e formula hipóteses e expresa as súas observacións, con linguaxe verbal e non

CC	<p>adecúan á realidade ou non , a través de investigacións sobre o mesmo.</p> <p>- Desenvolver actitudes de coidado, respecto e coresponsabilidade para a conservación do contorno.</p>	<p>-Gozo ó realizar actividades individuais e de grupo en contacto coa natureza.</p> <p>-Participación en proxectos e investigacións no medio natural, expresando os resultados mediante distintas representacións</p>	<p>sinxelas de interdependencia.</p> <p>-Manifestar actitudes de coidado e de respecto cara á natureza e participar en actividades para conservala.</p>	<p>CCL CSI EE CAA</p>	<p>verbal</p>
CC	<p>Relacionarse cos outros, de forma cada vez máis equilibrada e satisfactoria, interiorizando progresivamente as pautas de comportamento social. CC.e - Coñecer e respectar as características, valores e formas de vida dos grupos sociais máis próximos á súa experiencia e identificarse como membro do mundo, respectando as diferencias dos outros. CC.f - Establecer relacións de confianza, afecto, comprensión e pertenza, baseadas no respecto ás persoas, ás normas e valores da</p>	<p>Identificación da familia e da escola como primeiros grupos sociais de pertenza, valorando positivamente as relacións afectivas que nelas se establecen, mantendo unha actitude de colaboración e asumindo pequenas responsabilidades.</p>	<p>Identificar e coñecer os grupos sociais máis significativos do contorno do alumnado e algunhas características da súa organización</p>	<p>CSC CSI EE CCL</p>	<p>-Conta cousas das súas experiencias e transmite mensaxes da escola á casa e da casa á escola (contando, por nota...)</p> <p>-Identifica algunhas manifestacións culturais próximas.</p>



## 6º de Educación Infantil:

Área	Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	C.C.	Indicadores de logro
CC	- Observar e explorar de forma activa o seu contorno, xerando interpretacións sobre algunhas situacións significativas, e amosando interese polo seu coñecemento.	-Interese pola exploración e clasificación de obxectos presentes no medio, recoñecendo as súas funcións e usos cotiáns.  -Recoñecement o dalgúns atributos e propiedades de obxectos e de materiais, e da súa aplicación na vida diaria.  Aproximación á cuantificación de coleccións	- Explorar os obxectos e elementos do contorno inmediato e actuar sobre eles. Recoñecer os seus atributos e cualidades. Agrupar, clasificar e ordenar estes elementos e coleccións segundo distintos criterios.	CMC T, CCL ,CSIE E , CAA	- Realiza series sinxelas e complexas seguindo un ou varios criterios dados.
CC	- Avanzar no dominio das habilidades matemáticas, establecendo relacións de agrupamentos e clasificación, orde e cuantificación.	-Recoñecement o do número na vida diaria e a súa funcionalidade e inicio no rexistro de cantidades. -Emprego dos números para identificar, contar, clasificar, numerar, informarse e ordenar	-Empregar os números para identificar, contar, clasificar, informarse e ordenar elementos da realidade, aproximándose e ao seu valor notacional e conceptual.	CM CT CAA CCL CSI EE	-Fai uso dos números en situacións funcionais e cun valor conceptual como: indicar as cantidades dos ingredientes dunha receita, recoller o número de nenos que asisten a unha excursión, compoñentes dun equipo, xogos de

		<p>elementos da realidade en situacións contextualizadas e significativas.</p> <p>-Utilización da acción de contar como estratexia para a obtención dun dato numérico e como verificación do resultado de operacións de cálculo sinxelas e funcionais.</p>			<p>mesa.</p> <p>-Representa cantidades empregando a escritura convencional dos números</p> <p>-Resolve manipulativamente pequenos problemas e situacións problemáticas concretas relacionados coa súa vida diaria que implican a aplicación de operacións de cálculo sinxelas.</p> <p>-Coñece a serie numérica e escribe os números convencionalmente</p>
CC	<p>-Formular hipóteses, buscando respostas e explicacións, para anticipar probables efectos que poderían producirse como consecuencia de situacións da vida diaria e dalgúns experimentos realizados.</p>	<p>- Achegamento a algunhas magnitudes físicas (manipulables e abstractas) a través da estimación: comparando, sopesando, observando.</p> <p>-Recoñecemento e identificación de situacións en que se fai necesario medir.</p>	<p>-Propoñer e resolver problemas sinxelos relacionados con situacións cotiás, empregando e comparando magnitudes de peso, lonxitude e capacidade.</p>	<p>CM CT CCL CAA CSI EE</p>	<p>-Realiza estimacións de medidas de capacidades, lonxitude e tempo (comparando, sopesando, observando,...).</p>

		- Interese e curiosidade polos instrumentos de medida			
		convencionais e non  convencionais facendo unha aproximación ao seu uso.			
CC	-Avanzar no dominio das habilidades matemáticas, establecendo relacións de agrupamentos e clasificación, orde e cuantificación.	-Identificación de formas planas e tridimensionais en elementos do contorno.  -Exploración lúdica das propiedades e características dalgúns corpos xeométricos.	-Recoñecer algúns aspectos xeométricos básicos: liñas, puntos, rectángulos, cadrados, triángulos, círculos, esferas, cubos e prismas.	CM CT CCL CAA CSI EE	-Recoñece aspectos xeométricos da esfera, cubo e prisma e localízanos no seu contorno
CC	-Empregar o coñecemento matemático para interpretar a vida en clave de lóxica comprendendo e resolvendo problemas: establecendo relacións, explorando, ordenando, comparando, cuantificando, medindo, pesando,...	-Secuencia temporalmente feitos  -Adquisición progresiva da noción do paso do tempo mediante as actividades da vida cotiá.  -Orientación temporal en situacións cotiás empregando diferentes nocións e relacións.  -Aproximación ó uso do calendario.	-Usar e comprender nocións temporais básicas ordenando temporalment e feitos referidos á súa vida.	CM CT CCL	-Ordena temporalmente as súas descrições utilizando correctamente as nocións: onte, hoxe, mañá.  -Relaciona feitos concretos cunha determinada época do ano (estacións do ano), explicando as súas características  -Iniciouse no emprego, en situacións

					significativas, de sistemas de medición convencional, como reglas, termómetros, relojos, pesas, calendario, .. -Diferenza os días
--	--	--	--	--	--

<p>CC</p>	<p>- Comprender que o contorno está sometido a cambios, relacionados cos factores que os producen, verificando se as hipóteses feitas sobre os cambios no contorno se adecúan á realidade ou non, a través de investigacións sobre o mesmo.</p> <p>-Desenvolver actitudes de coidado, respecto e corresponsabilidade para a conservación do contorno.</p>	<p>-Identificación e afondamento no estudio dalgunhas características e funcións vitais dos seres vivos empregando a exploración sensorial.</p> <p>-Observación dun ser vivo no seu medio natural ou reproducindo o medio na aula, rexistrando a observación e contrastando os datos.</p> <p>-Curiosidade, respecto e coidado cara aos elementos do medio natural, especialmente animais e plantas.</p> <p>- Descubrimento das diferentes formas en que se atopa a auga na natureza, comprendendo a súa contribución ó desenvolvemento, valorando a necesidade da súa conservación</p>	<p>-Dar mostras por interesarse polo medio natural e os seus cambios.</p> <p>-Identificar e nomear algúns dos seus compoñentes, establecendo relacións sinxelas de interdependencia</p> <p>-Manifestar actitudes de coidado e de respecto cara á natureza e participar en actividades para conservala.</p>	<p>CAA CCL CSI EE</p>	<p>-Participa nos proxectos e pequenas investigacións que se fan na aula, anticipando as distintas fases do mesmo.</p> <p>-Rexistra con debuxos, esquemas, gráficos e escrituras convencionais ou non o observado ou experimentado.</p> <p>-Identifica e aplica na súa vida normas básicas para a conservación do contorno, valorando críticamente as accións humanas que contaminan e danan o medio ambiente.</p> <p>-Asume as responsabilidades que lle son asignadas polo mestre ou dentro dos equipos.</p>
-----------	---	--	--	-----------------------------------	--

## Área III: Linguaxes: Comunicación e representación

### 4º de Educación Infantil

Área	Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	C.C	Indicadores de logro
LC R	<p>- Utilizar as diversas linguaxes para comunicar, expresar ideas e sentimentos, para aprender e como fonte de desfrute.</p> <p>- Utilizar manifestacións non verbais como o silencio, a mirada, a xestualidade, o olfato, o tacto, para comunicarse.</p>	<p>-Utilización e valoración progresiva da lingua oral para evocar e relatar feitos, para adquirir coñecementos , para expresar e comunicar ideas, sentimentos e emocións, para facer peticións e como mecanismo para regular a propia conducta e das dos demais</p> <p>-Uso progresivo de vocabulario variado e cada vez máis preciso, mellorando a entoación, a pronunciación e a estruturación de frases.</p> <p>-Acomodación progresiva dos seus enunciados ós formatos convencionais . Emprego axeitado das formas socialmente establecidas para relacionarse</p>	<p>-Utilizar a lingua oral do modo máis conveniente para unha comunicación positiva con iguais e con persoas adultas, segundo as intencións comunicativas.</p>	CCL CSC	<p>-Comunícase coas persoas adultas.</p> <p>-Emprega expresións convencionais de cortesía para saudar: ola, bos días, boas tardes e boas noites e de despedida: ola, adeus, ata mañá.</p> <p>-Comunícase cos demais (compañeiros e adultos), emprega sinais extralingüísticos (xesto, entoación, expresión) para reforzar o significado das súas mensaxe, e adecuando o tono de voz á situación.</p>

LCR	-Comunicarse oralmente nas dúas linguas oficiais con distintos propósitos, con diferentes interlocutores e en diversidade de contextos. -Comprender a intencionalidade comunicativa dos outros.	coas demais persoas-saúdos, despedidas, fórmulas de cortesía, cumprimentos Participación en situacións de comunicación con distintos propósitos, en diferentes contextos e con persoas interlocutoras diversas, usando argumentos nas súas conversas, respectando as quendas e escoitando atentamente.	Comprender mensaxes orais diversas, mostrando unha actitude de escoita atenta e respectuosa.	CSI EE, CCL	- Presta atención a informacións que se lle transmiten a persoas e comprende as explicacións (instrucións sinxelas) que se dan na clase. Participa activamente nas conversas da aula, recordando feitos e situacións vividas e facendo achegas coherentes ás conversas en grupo.
LCR	- Iniciarse no uso oral dunha lingua estranxeira e amosar interese e gozo ó participar nestes intercambios comunicativos.	Interese por expresarse nunha lingua estranxeira, amosando unha actitude positiva cara a esta lingua.	Amosar unha actitude positiva, cara á aprendizaxe dunha lingua estranxeira, interesándose por participar en interaccións orais en rutinas, xogos e situacións habituais de comunicación.	CCL CSC, CAA	- Respecta as quenda de palabra - Participa en intercambios moi básicos: lingua estranxeira: saúdar, respostar cunha palabra...co vocabulario traballado. -Amosa interese por entender o que di unha lingua estranxeira,.
LCR	-Identificar e diferenciar entre imaxe e representación gráfica como formas de comunicación. LCR.g - Achegarse á lingua escrita a través de diferentes tipos de textos	-Achegamento á lingua escrita como medio de comunicación, información e gozo a través de soportes diferentes.	-Amosar interese polos textos escritos presentes na aula e no contorno próximo, iniciándose no seu uso e na comprensión das súas finalidades.	CCL CM, CSC CCE C, CAA	-Mostra interese polos textos escritos presentes no seu contorno, formulando hipóteses sobre o que está escrito nos mesmos  -Recoñece o seu nome.  -Percibe que as palabras, escrituras indeterminadas, números, notas musicais, iconas e outros símbolos e signos convencionais teñen unha funcionalidad e determinada.
LCR	-Achegarse á	-Interese e atención na	-Gzar com-	CCL	-Escoita con aten-

	lingua escrita a través de diferentes tipos de textos	escoita de narracións e instrucións lidas por outras persoas.  -Escoita e comprensión da lectura en voz alta, nas dúas linguas oficiais, e como fonte de pracer e aprendizaxe compartida.	partindo a escoita e a lectura en voz alta de textos literarios: contos, relatos, lendas, poesías, rimas, adiviñas...	, CSC, CAA	ción a lectura de diferentes textos literarios: contos, relatos, lendas, poesías, rimas, adiviñas...  -Gusta de participar en xogos lingüísticos "encadeados de palabras, adiviñas, trabalinguas, onomatopeas.." acompañados de respostas corporais.
LCR	- Facer uso axeitado da biblioteca, desenvolvéndos e con autonomía neste espazo e valorando a súa importancia como fonte de información e de pracer.	Memorización e recitado de textos sinxelos (poemas curtos, rimas,?)	-Utilizar a biblioteca con respecto e coidado, valorándoa como recurso informativo, de entretemento e gozo.	CCL, CSC, CCE, CA, CAA, CD	Fai uso, e coida a biblioteca da aula, respectando as normas da mesma  -Gústalle mirar e "ler" libros autonomamente.  -Emprega, con axuda, o sistema de rexistro de préstamos de libros da biblioteca.
LCR	- Potenciar a capacidade creativa a través das linguaxes artísticas para imaxinar, inventar, transformar, ... dende as súas ideas, sentimentos, experiencias, coñecementos...  - Achegarse ó coñecemento de obras artísticas expresadas en distintas linguaxes	-Potenciación da imaxinación e fantasía e así aumentar a creatividade. -Experimentación e descubrimento dalgúns elementos que configuran a linguaxe lástica, - liña, forma, cor, textura, espazo e volume- e das posibilidades plásticas, creativas e de transformación de distintos materiais. LCR-B.2.4Gozo coas obras artísticas, distinguindo e apreciando elementos básicos das formas de expresión, que lles permitan desenvolver a súa sensibilidade estética. LCR-B.2.5Exploración das posibilidades plásticas e creativas de distintos materiais, útiles e soportes, e das distintas técnicas como recursos e medios de	Expresarse e comunicarse utilizando medios, materiais e técnicas propios das diferentes linguaxes artísticas e audiovisuais.	C, CL, , C, S, C, C, AA	-Amosa imaxinación e iniciativa nas súas producións plásticas.  -Explora as posibilidades plásticas e creativas de distintos soportes (pantalla do ordenador, mesa de luz, retroproyector, encerado diital...), materiais (papeis, cartón, arame, plástico, teas, cortiza, barro...) e útiles (rasquetas, cepillos, esponxas, pinceis...) como recurso e medio de expresión  -Fai uso do debuxo como medio de expresión e comunicación de feitos, sentimentos, emocións,



	<p>expresión e comunicación de feitos, sentimentos, emocións, vivencias, fantasías e, experiencias.</p> <p>-Experimentación e coñecemento das posibilidades de transformación dos diferentes materiais e obxectos.</p> <p>-Descubrimento das posibilidades creativas e plásticas da luz, das sombras e da cor, empregando recursos como a luz natural, lanternas, lámpadas, proxector.</p> <p>-Interpretación e valoración de diferentes tipos de obras plásticas presentes na aula, no contorno, en museos e exposicións reais ou virtuais, obradoiros, manifestando e compartindo a través das diversas linguaxes as sensacións e emocións que producen, e indicando o que gusta e o que non.</p>		<p>vivencias, fantasías, experiencias.</p> <p>-Desfruta coas diferentes obras plásticas presentes na aula e no contorno, museos e exposicións.</p> <p>Gusta de experimentar coa luz, as sombras e a cor facendo uso de lanternas, lámpadas, proxector... e descubrindo as súas posibilidades creativas e plásticas</p> <p>-Respecta as producións dos compañeiros/as</p>
<p>Desenvolver un sentimento de autoconfianza nas propias producións artísticas, e valorar as producións alleas.</p>	<p>Dramatización de textos literarios, disfrute e interese por expresarse a través de recursos non lingüísticos.</p> <p>-Exploración das posibilidades sonoras da voz, do propio corpo, de obxectos cotiáns e de instrumentos musicais.</p> <p>-Vivencia do son e do silencio.</p> <p>-Recoñecemento de sons do contorno natural e social, e discriminación dos seus trazos distintivos.</p> <p>-Creación de secuencias movementos e ritmos a partir das sensacións que lle xenera a música.</p>	<p>Mostrar interese por explorar as súas posibilidades de expresión e representación, por gozar coas súas producións e por compartir as experiencias creativas, estéticas e comunicativas.</p>	<p>-Sinala gustos persoais indicando que obras lle gustan e cales non.</p> <p>-Participa activamente e goza en actividades musicais, danzas colectivas e individuais e outros xogos de expresión corporal.</p> <p>-Explora as posibilidades sonoras de obxectos cotiáns e de instrumentos musicais.</p> <p>-Imita sons e ritmos diversos, explorando as propiedades</p> <p>-Ten en conta ós demais</p>

			<p>de obras musicais populares, clásicas e contemporáneas.</p> <p>-Participación activa e gozo na interpretación de cancións, xogos musicais e danzas colectivas e individuais.</p> <p>-Vivencia de xestos e movementos como recursos corporais para a expresión e o intercambio afectivo.</p>			<p>para levar a cabo determinadas accións.</p> <p>-Mostra unha actitude de atención e relaxación diante da escoita de distintas obras musicais populares, clásicas e contemporáneas.</p>
4º	LCR	<p>- Achegarse ó coñecemento e emprego das TIC-ordenadores, Internet, pantalla dixital, vídeo,...- como ferramentas de busca de información, de creación, expresión, comunicación e desfrute.</p>	<p>-Coñecemento, coidado e uso, na medida das súas posibilidades, das ferramentas tecnolóxicas.</p> <p>-Identificación da utilidade de diversos instrumentos e tecnoloxías como fontes de información, de comunicación, de expresión, de estratexias de exploración e investigación.</p> <p>-Achegamento a producións audiovisuais como</p>	<p>-Utilizar, na medida das súas posibilidades, a linguaxe audiovisual e as tecnoloxías da información e comunicación como vehículo de expresión e comunicación.</p>	<p>CCL , CSC , CCE C, CD</p>	<p>-Identifica algunhas das iconas para acceder aos programas</p> <p>-Iniciouse no uso do teclado para a codificación.</p> <p>-Demuestra interese e gusto polas actividades nas que se empregan as TIC.</p> <p>-Recoñece a utilidade da cámara</p> <p>fotográfica como ferramenta para captar a realidade</p>
			<p>películas, series de animación, documentais.</p> <p>-Achegamento ó uso do ordenador, a cámara fotográfica nos procesos</p>			<p>-Manexa o rato do ordenador.</p>

			creativos para a elaboración de producións audiovisuais, a través de programas de edición de textos. De gráficos e de sons.		
--	--	--	---	--	--

## 5º de Educación Infantil

Área	Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	C C	Indicadores de logro
	<p>Utilizar as distintas linguaxes para comunicar, expresar ideas e sentimentos, para aprender e como fonte de desfrute.</p> <p>- Utilizar manifestacións non verbais como o silencio, a mirada, a xestualidade, o olfato, o tacto para comunicarse.</p>	<p>-Utilización e valoración progresiva da lingua oral para evocar e relatar feitos, para adquirir coñecementos, para expresar e relatar ideas, sentimentos, emocións, para facer peticións e como mecanismo para regular a propia conduta e a dos demais.</p>	<p>-Utilizar a lingua oral do modo máis conveniente para unha comunicación</p>	CSC, CLL	<p>-Comunícase cos demais ( compañeiros, adultos), emprega sinais extralingüísticos</p>
	<p>-Comunicarse oralmente nas dúas linguas oficiais con distintos propósitos con diferentes interlocutores e en diversidade de contextos, valorando a linguaxe como ferramenta de relación, de regulación da convivencia e de aprendizaxe.</p>	<p>Emprego axeitado das formas socialmente establecidas para relacionarse cos demais persoas: saúdos, despedidas, fórmulas de cortesía, cumprimentos.</p>	<p>-Comprender mensaxes orais diversas, mostrando unha actitude de escoita e respectuosa.</p>	CSC, CLL	<p>-Participa activamente nas conversas da aula recordando feitos e situacións vividas facendo achegas coherentes ás conversas en grupo mantendo unha actitude de escoita e respecto cara as demais persoas</p>
	<p>Identificar e diferenciar entre imaxe e representación gráfica como formas de comunicación.</p>	<p>Diferenciación entre as formas escritas e outras formas de expresión gráfica.</p> <p>-Identificación de palabras moi significativas e usuais (o seu nome e o dos compañeiros). Percepción de diferenzas e semellanzas entre elas.</p>	<p>-Amosar interese polos textos escritos presentes na aula e no contorno próximo, iniciándose no seu uso e na comprensión das súas finalidades.</p>	CCL CM CT CS C CC EC CAA	<p>Recoñece que os signos escritos comunican e expresan informacións, percibindo diferenzas e semellanzas cuantitativas entre as palabras: (cantidade de letras, longas e curtas...)</p> <p>-Recoñece o nome das compañeiras e compañeiros.</p>

<p>-Achegarse á lingua escrita a través de diferentes tipos de textos rimeiro elemento comunicativo escrito, comprendendo a súa necesidade egozo a través de soportes diferentes.</p>	<p>-Achegamento á lingua escrita como medio de comunicación, información e gozo a través de soportes diferentes.</p> <p>-Interese e gusto por producir mensaxes con trazos cada vez máis precisos e lexibles.</p>	<p>Producir diferentes textos individualmente ou en grupo con escritura convencional ou non con propósitos e intencións.</p> <p>-recoller e transmitir información, gozo..</p>	<p>CCL CSC CCEC</p>	<p>Escribe o seu nome sen axuda de modelos e o dos seus compañeiros con modelos.</p>
<p>-Achegarse á lingua escrita a través de diferentes tipos de textos</p>	<p>-Interese e atención na escoita de narracións e instrucións lidas por outras persoas.</p> <p>-Escoita e comprensión da lectura en voz alta, nas dúas linguas oficiais, e como fonte de pracer e aprendizaxe compartida</p>	<p>-Gozar compartindo a escoita e a lectura en voz alta de textos literarios: contos, relatos, lendas, poesías, rimas, adiviñas...</p>	<p>CC L CS C CC EC</p>	<p>-Recoñece a funcionalidade dos textos literarios (entretemento e diversión), como contos, lendas, poesías.</p>
<p>- Facer uso axeitado da biblioteca, desenvolvéndose con autonomía neste espazo e valorando a súa importancia como fonte de información e de pracer.</p>	<p>Interese polo uso axeitado da Biblioteca</p> <p>-Gozo polo uso autónomo dos libros da biblioteca</p>	<p>-Utilizar a biblioteca con respecto e coidado, valorándoa como recurso informativo, de entretemento e gozo.</p>	<p></p>	<p>-Gústalle mirar e "ler" libros autonomamente.</p>

## 6º de Educación Infantil

Ár ea	Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	C. C.	Indicadores de logro
LCR	<p>Utilizar as diversas linguaxes para comunicar, expresar ideas e sentimentos, para aprender e como fonte de disfrute.</p> <p>- Utilizar manifestacións non verbais como o silencio, a mirada, a xestualidade, o olfato, o tacto, para comunicarse.</p>	<p>-Utilización e valoración progresiva da lingua oral para evocar e relatar feitos, para adquirir coñecementos, para expresar e comunicar ideas, sentimentos e emocións, para facer peticións e como mecanismo para regular a propia conducta e a das demais.</p> <p>- Acomodación progresiva dos seus enunciados ós formatos convencionais.</p> <p>-Emprego axeitado das formas socialmente establecidas para relacionarse coas demais persoas-saúdos, despedidas, fórmulas de cortesía, cumprimentos?</p>	<p>-Utilizar a lingua oral do modo máis conveniente para unha comunicación positiva con iguais e con persoas adultas, segundo as intencións comunicativas</p>	CCL CSC	<p>-Expresa con espontaneidade e coherencia emocións, sentimentos e vivencias, empregando con precisión o vocabulario que posúe e incorporando palabras novas. Empregando unha linguaxe fluída.</p> <p>-Estructura ben as frases: concordancia suxeito/verbo/complementos, concordancias regulares (artigos, pronomes...), empregando fases correctas e rematadas</p> <p>-Emprega expresións convencionais de cortesía para saudar: ola, bos días, boas tardes e boas noites e de despedida: ola, adeus, ata mañá.</p>
	- Comprender a intencionalidad e	-argumentos		CCL	-Respecta as quendas de

	comunicativa dos outros.	nas súas conversas, respectando as quendas e escoitando atentamente.			palabra
LCR	Acégase ao Coñecemento e emprego das TIC-ordenadores, Internet, pantalla dixital, vídeo,-	Coñecer no coidado e uso , na medida das súas posibilidades, ferramentas tecnolóxicas, Identificación da utilidade de diversos instrumentos e tecnoloxías como fontes de información, de comunicación, de expresión, de estratexias de exploración e investigación -Adquisición progresiva da conciencia da necesidade dun uso moderado dos medios audiovisuais e das tecnoloxías da información e comunicación. - Participación en situacións de comunicación con distintos propósitos, en	Utilizar na medida das súas posibilidades alingua xe audiovisual e as tecnoloxías da información como medio de comunicación e expresión.	CCL	Fai uso da información e da comunicación na procura de información para o desenvolvemento de proxectos na aula.

	- Comunicarse oralmente nas dúas linguas oficiais con distintos propósitos, con diferentes interlocutores e en diversidade de contextos.	diferentes contextos e con persoas	Comprender mensaxes orais diversas, mostrando unha actitude de escoita atenta e respectuosa	CCL, CSC, CAA	-Participa activamente nas conversas da aula, recordando feitos e situacións vividas, facendo achegas coherentes ás conversas en grupo. E mantendo unha actitude de escoita e respecto cara ás demais persoas.
--	--	------------------------------------	---	---------------	--

	Identificar e diferenciar entre imaxe e representación gráfica como formas de comunicación .Achegarse á lingua escrita a través de diferentes tipos de textos	- Identificación de palabras e frases escritas moi significativas e usuais. Percepción de diferenzas e semellanzas entre elas atendendo a propiedades cuantitativas e cualitativas. Iniciación ó coñecemento do código escrito a través das palabras e frases empregadas en contextos significativos e funcionais.	-Amosar interese polos textos escritos presentes na aula e no contorno próximo, iniciándose no seu uso e na comprensión das súas finalidades.	CCL CMC T CSC CCE C CAA	-Recoñece pequenas palabras significativas presentes ó seu redor (carteis, nomes de mestres, etiquetas presentes na aula, anuncios...)  -Percibe diferenzas e semellanzas entre palabras atendendo a propiedades cualitativas (variedade de grafías).
LCR	.- Achegarse á lingua escrita a través de diferentes tipos de textos	- Achegamento á lingua escrita como medio de comunicación, información e gozo a través de soportes diferentes.	-Producir diferentes textos individualmente ou en grupo -con escritura convencional ou non-, con propósitos e	CCL CSC CAA	-Crea e recrea textos significativos seguindo as hipóteses da etapa silábica alfabética ou alfabética, segundo o ritmo madurativo do alumno.  -Gusta de facer uso da escritura



		<p>-Iniciación no uso da escrita en situacións contextualizadas e reais.</p> <p>- Escoita e comprensión da lectura en voz alta, nas dúas linguas oficiais, e como fonte de pracer e aprendizaxe compartida.</p>	<p>intencións diferentes: recoller e transmitir información, gozo...</p>		<p>(convencional ou non) en grupo ou de forma individual para escribir un conto, transmitir información.. en situacións contextualizadas e reais,.respectando as producións dos compañeiros/as que escriben cunha hipótese menos evolucionada.</p> <p>-Escoita con atención a lectura de diferentes textos literarios: contos, relatos, lendas, poesías, rimas, adiviñas</p>
	<p>- Facer uso axeitado da biblioteca, desenvolvéndose se con autonomía neste espazo e valorando a súa importancia como fonte de información e de pracer.</p>	<p>-Participación creativa en xogos lingüísticos.</p> <p>-Introducción ó uso das bibliotecas de centro e de aula como un medio máis de aproximación á literatura e como fonte de diversión e coñecemento.</p>	<p>Utilizar a biblioteca con respecto e coidado, valorándoa como recurso informativo, de entretemento e gozo.</p>	<p>CCL CSC CCE CAA</p>	<p>-Emprega biblioteca respectando as normas que a rexen.</p> <p>-Entende e emprega o sistema de organización de libros da biblioteca.</p> <p>-Gústalle mirar e "ler" libros autonomamente</p> <p>-Leva a cabo de forma autónoma o préstamo de libros da biblioteca de aula</p>

LCR	<p>Potenciar a capacidade creativa a través das linguaxes artísticas para imaxinar, inventar, transformar,... den de as súas ideas, sentimentos, experiencias, coñecementos</p> <p>- Achegarse ó coñecemento de obras artísticas expresadas en distintas linguaxes</p>	<p>-Gozo coas obras artísticas, distinguindo e apreciando elementos básicos das formas de expresión, que lles permitan desenvolver a súa sensibilidade e estética.</p> <p>- Experimentación e coñecemento das posibilidades de transformación dos diferentes materiais e obxectos.</p>	<p>-Expresarse ecomunicars e utilizando medios, materiais e técnicas propios das diferentes linguaxes artísticas e audiovisuais.</p>	CCL, CSC, CAA	<p>-Valora as diferentes obras plásticas presentes na aula e no contorno, museos e exposicións.</p> <p>-As súas producións plásticas son orixinais e creativas.</p> <p>-Valora e respecta as producións dos compañeiros e compañeiras</p>
-----	--	--	--	---------------	---

		<p>Interpretación e valoración de diferentes tipos</p>			
--	--	--	--	--	--

		de obras plásticas presentes na aula, no contorno, en museos e exposicións reais ou virtuais, obradoiros, manifestando e compartindo a través das diversas linguaxes as sensacións e emocións que producen, e indicando o que gusta e o que non.			
LCR	- Desenvolver un sentimento de autoconfianza nas propias producións artísticas, e valorar as producións alleas.	- Participación activa e gozo na interpretación de cancións, xogos musicais e danzas colectivas e individuais.	-Mostrar interese por explorar as súas posibilidades de expresión e representación, por gozar coas súas producións e por compartir as experiencias creativas, estéticas e comunicativas.	CC L, CS C, CA A	-Participa activamente e goza en actividades musicais, danzas colectivas e individuais e outros xogos de expresión corporal.

**\*A secuencia de contidos organizados en áreas curriculares e niveis educativos está recollida na táboa anteriormente exposta.**

**\*Os criterios de avaliación están organizados en áreas curriculares e niveis educativos está recollida na táboa anteriormente exposta.**

#### 4. CONTRIBUCIÓN AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS.

Unha competencia constitúe un saber ser, un saber estar e un saber facer: un saber que se aplica, que pode adecuarse á diversidade de contextos e que ten un carácter integrador, abarcando coñecementos, procedementos e actitudes. Seguiremos as competencias básicas, indicadas pola LOE (Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación), e o establecido no Decreto curricular (Decreto 330/2009, do 4 de xuño, polo que se establece o currículo da Educación Infantil na Comunidade Autónoma de Galicia).

A **competencia en comunicación lingüística** refírese ao uso da lingua como instrumento de comunicación, representación, interpretación e comprensión da realidade, mediante actividades na asemblea, inventar diálogos, ler poesías e álbums ilustrados, planificar os pasos dos proxectos,...

Pola súa banda, a **competencia matemática** pretende empregar e relacionar os números, as súas operacións básicas, os seus símbolos e formas de expresión e razoamento matemático, resolvendo problemas e obtendo información a través do uso de clasificacións, seriacións e ordenacións de elementos, con representacións corporais de formas xeométricas...

A **competencia no coñecemento e interacción co mundo físico** céntrase en interactuar co medio ambiente, desenvolvendo e aplicando o pensamento científicomatemático, para interpretar a información que se recibe e predicir e tomar decisións con iniciativa e autonomía persoal,...

Pola súa parte, a **competencia no tratamento da información e competencia dixital** pretende buscar, obter, procesar e comunicar información para transformala en coñecemento, o cal faremos mediante distintas actividades, tendo en conta que non dispoñemos de material para a realización de actividades na EDI, robótica ou ordenador.

A **competencia social e cidadá** busca comprender a realidade social na que se vive, cooperar, convivir e exercer a cidadanía democrática nunha sociedade plural, así como comprometerse na súa mellora. Realizaremos votacións, propoñeremos melloras para a convivencia ou organización da aula, asumiranse responsabilidades, desbotaremos estereotipos, contrarrestaremos opinións...

En canto á **competencia cultural e artística**, céntrase en coñecer, comprender, apreciar e valorar criticamente diferentes manifestacións culturais e artísticas e utilízalas como fonte de enriquecemento e gozo.

A **competencia para aprender a aprender** pretende conseguir habilidades para iniciarse na aprendizaxe e ser capaz de continuar aprendendo de maneira cada vez máis eficaz e autónoma, de acordo cos propios obxectivos e necesidades.

Por último, a **competencia de autonomía e iniciativa persoal** busca a convivencia e a aplicación dun conxunto de valores e actitudes persoais, así como elixir con criterio propio.

Ademais destas competencias que veñen indicadas na normativa, **Mar Romera** menciona outras dúas: a **física e motriz e a emocional**. Para a primeira, pódense facer xogos como a da galiña cega, falar da nosa alimentación, propoñer melloras para o coidado do noso corpo, fomentar o coidado e a hixiene corporal establecendo rutinas, realizar actividades que impliquen un alto nivel de movemento, reflexionar sobre que alimentos non debemos comer en exceso, etc. En canto á competencia emocional, leremos contos e dramatizaremos diversas emocións, faremos actividades de relaxación e conciencia corporal ou actividades para expresar e superar os nosos medos.

## **5. AVALIACIÓN E CRITERIOS.**

Nesta programación de didáctica debemos ter en conta:

### **Criterios de avaliación:**

*\*Os criterios de avaliación organizados en áreas curriculares e niveis educativos está recollida na táboa anteriormente exposta.*

### **Indicadores de avaliación:**

*\*A secuencia de contidos organizados en áreas curriculares e niveis educativos está recollida na táboa anteriormente exposta.*

### **Instrumentos de avaliación**

A avaliación é unha práctica habitual permanente do profesorado dirixida a obter datos encamiñados á mellora dos procesos de ensino e aprendizaxe, sendo a súa finalidade a de identificar as aprendizaxes adquiridas e o ritmo e características da evolución de cada neno ou nena.

A avaliación na Educación Infantil é **global** (tomando como referente as capacidades expresadas nos obxectivos xerais, axeitados ó contexto), **continua** (orientada a proporcionar permanentemente información sobre o proceso de ensino e aprendizaxe) e **formativa** (sendo susceptibles de avaliación todos os compoñentes do proceso de ensino e aprendizaxe e non soamente os resultados do alumno/a), sendo a **observación directa e sistemática, a análise das producións das nenas/os e a entrevista inicial coas familias ou titores legais** as principais técnicas no proceso avaliativo, tal e como se recolle na **Orde do 25 de xuño de 2009 pola que se regula a implantación, o desenvolvemento e a avaliación do segundo ciclo da educación infantil na Comunidade Autónoma de Galicia**.

En primeiro lugar levaremos a cabo unha **avaliación inicial** que pretende proporcionar información sobre a situación da que parte o alumno/á ó chegar á escola.

A avaliación inicial, tal e como indica a **Resolución do 17 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan Instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de Educación Infantil, Educación Primaria, Educación Secundaria Obrigatoria e Bacharelato no curso académico 2021-2022**, realizarase durante a primeira semana do curso escolar. Este proceso comprenderá as seguintes accións que permitan identificar as dificultades do alumnado, así como as súas necesidades de atención educativa:

- a) Análise dos informes de avaliación individualizados do curso anterior.
- b) Detección das aprendizaxes imprescindibles non adquiridas no curso 2019/2020.
- c) Coñecemento personalizado do alumnado e da súa situación emocional cofin de tomar as decisións profesionais de actuación por parte do profesorado

Asemade, realizarase unha avaliación inicial sempre que se introduza unha nova proposta didáctica. Por iso, débense prever diferentes instrumentos e materiais para facilitar ao profesorado a avaliación inicial en diferentes momentos:

- **Entrevista coas familias**, podendo realizarse vía telemática.

- Farase unha **reunión inicial** coas pais para informalos de como vai ser a incorporación dos seus fillos e as normas en relación ao Covid, dando a coñecer o Plan de Acollida do centro. Na reunión respectaranse as distancias sociais e evítaranse as aglomeracións.
- No comezo de cada proxecto, **informaremos ás familias** e solicitámoslle a súa colaboración. É imprescindible realizar distintas actividades que nos permitan observar o interese que o tema esperta en cada alumno/a, pescudar os seus coñecementos previos e recoller as súas ideas novas que se poden incorporar na unidade.

Por outra banda, a **avaliación continua** permite a valoración do desenvolvemento das aprendizaxes dos alumnos/as a través da **recollida continua** de datos. Recolleremos esta información en **fichas de seguimento, anecdotarios e diarios de clase**. Esta información condensarase no **informe** individualizado de avaliación que cubriremos ao finalizar o curso.

O carácter desta **avaliación continua será formativa**, xa que, permite tomar decisións que melloren o proceso educativo. Esta avaliación ten a vantaxe de que permite levar a cabo un ensino individualizado ao mostrar as diferenzas no ritmo de aprendizaxe dos alumnos. Segundo os resultados, poderemos levar a cabo actividades de apoio para os alumnos/as que presenten dificultades, variando os materiais, utilizando procedementos máis intuitivos, reforzando os logros destes alumnos/as.

Na programación de cada unidade ou proxecto: analizaremos os **criterios concretos de avaliación** que se desprenden directamente dos obxectivos didácticos e supoñen un nivel maior de concreción. No desenvolvemento das unidades ou proxectos, especificaranse:

- Actividades previas.
- Actividades de desenvolvemento.
- Actividades de avaliación.
- Actividades de reforzo e consolidación.

É importante recalcar o emprego de **registros de avaliación** como instrumentos de avaliación continua que axudan ao profesorado a obter a información que necesita para determinar o grado de consecución dos obxectivos.

**A avaliación final** trátase da análise secuenciada dos rexistros sucesivos de avaliación que ha de permitir ao profesor/a coñecer os ritmos de aprendizaxe e os avances de cada alumno/a en as distintas áreas ou ámbitos de experiencia.

Realizaremos unha **avaliación final trimestral** para, desde unha perspectiva global, ir adecuando os métodos e os recursos que o profesor/a pon a disposición dos seus alumnos/as e comprobar progresivamente como e cando os nenos/as van consolidando os logros alcanzados.

Asemade, tense presente a **Orde do 2 de Marzo de 2021, pola que se regula o dereito do alumando á obxectividade na avaliación e se establece o procedemento de reclamación das cualificacións obtidas e das decisión de promoción e obtención do título académico que corresponda, na educación infantil, educación primaria, educación secundaria obrigatoria e bacharelato**, para as posibles reaclamacións asavaliacións realizadas.

Finalmente, o mestre fará unha **autoavaliación**. Deberá avaliar a programación proposta, se se adecuou ao grupo de referencia, as modificacións realizadas, a súa relación co equipo de ciclo, a coherencia coas pautas recollidas nos documentos de organización do centro, a súa relación coas familias...

## **6. CONCRECIÓNS METODOLÓXICAS.**

A **liña metodolóxica** aparece enmarcada nunha concepción construtivista da aprendizaxe, principio recollido na competencia básica de “**aprender a aprender**”.

Seguiremos o establecido no **Real Decreto 1630/2006 do 29 de Decembro polo que se establecen as ensinanzas mínimas do segundo ciclo de Educación Infantil** e o **Decreto 330/2009 de 4 de Xuño polo que se establece o currículo de Educación Infantil na Comunidade Autónoma de Galicia**.

Por isto levarase á práctica as seguintes orientacións metodolóxicas:

- Partir dos coñecementos previos dos nenos/as e do seu nivel de desenvolvemento.
- Potenciar a aprendizaxe significativa.
- Traballar dende unha perspectiva globalizadora.



- Favorecer a aprendizaxe activa.
- A consideración do xogo como a actividade propia desta etapa.
- Favorecer a creatividade, a capacidade de expresión, o interese e a individualización e socialización.
- Crear un clima de seguridade e confianza: É preciso que os educandos se sintan seguros e valorados na aula, para así poder construír o coñecemento, tal e como defendían as **Irmás Agazzi**.

A nosa aula cumpre co establecido no **Real Decreto 132/2010, do 12 de febreiro**. O ambiente da aula ten que ser estimulante e ordeado, e para acadar un ambiente significativo, teremos en conta os intereses e motivacións do alumnado, con materiais que o deixe explorar, experimentar e compartir cos demais. Os materiais serán polivalentes, primando os de refugallo, os de creación propia e os audiovisuais. Os espazos da aula estarán coidados esteticamente e serán acolledores

- O rol que debe asumir o profesorado: ofrecéndolle ao educando as ferramentas necesarias para desenvolver tódalas súas potencialidades dende o respecto aos seus procesos madurativos, é dicir, partindo do nivel de desenvolvemento do infante, seguindo o **Decreto 229/2011, do 7 de decembro**
- A coordinación entre todos os profesionais que interveñen.
- Favorecer a participación e colaboración coas familias.

Fundamentalmente, empregarse a **Aprendizaxe Baseada en Proxectos** como método globalizado que permitirá contribuír o desenvolvemento das competencias así como a **Aprendizaxe Cooperativa**.

Segundo **Specer Kagan** a aprendizaxe cooperativa é o uso didáctico de **equipos reducidos** de alumnos, xeralmente cunha **composición heteroxénea** en rendemento e capacidade, aínda que ocasionalmente poden ser homoxéneos, empregando unha **estrutura de actividade** tal que asegure ó máximo a **participación equitativa** e potencie ó máximo a **interacción simultánea** entre eles, coa finalidade de que todos os membros do equipo

aprendan os contidos propostos. A aprendizaxe cooperativa basearase en **tres puntais básicos**:

- Un ensino personalizado: axustado ás características persoais do alumnado. 🕒 A autonomía do alumando: para aprender da forma máis autónoma posible.
- A estruturación cooperativa da aprendizaxe: que permita que os nenos/as se axuden mutuamente a aprender.

Ademais, contribuírase **á educación emocional**, co fin de lograr unha convivencia pacífica e respectuosa, no seo do grupo elaboraremos unhas normas de convivencia que pactaremos a principio de curso co noso alumnado. Así como, abriremos a nosa aula ao contorno, colaborando e participando coas familias, equipo docente e outros contextos sociais a través de visitas, saídas, intercambio de información...

No caso de suspensión da actividade lectiva, tomaranse as medidas pertinente para manter o proceso de ensino-aprendizaxe, tendo presente a **Resolución do 17 de xuño de 2021 da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan Instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de Educación Infantil, Educación Primaria, Educación Secundaria Obrigatoria e Bacharelato no curso académico 2021-2022. Así como a Resolución do 10 de setembro de 2021, da Secretaría xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para a adopción de medidas organizativas nos centros educativos como consecuencia da pandemia da Covid- 19.**

Tendo en conta a etapa educativa que nos atopamos a proposta metodolóxica do **Plan de Ensino Virtual** terá en conta os principios de globalidade e significatividade.

A ensinanza virtual, realizarase a través das aulas virtuais e /ou blogues educativos.As familias, identificaranse coas súas credencias persoais, e accederán aos distintos cursos.

A liña metodolóxica que seguiremos na aula virtual aparece enmarcada nunha concepción construtivista da aprendizaxe, principio recollido na competencia básica de “aprender a aprender”.

Terase en conta, na realización das actividades os seguintes criterios:

- Flexibilidade
- Respetar tempos de rutina e de xogos
- Crear un clima de confianza e seguridade
- Prestar especial atención ao alumando con Necesidades Específicas de Apoio Educativo

Garantirase unha comunicación fluída coas familias, a través das canles habituais de comunicación, respondendo as súas dúbidas e apoiándoas no proceso de ensinanzaaprendizaxe do seus fillos/as.

## **7. APRENDIZAXES NON ADQUIRIDAS NO CURSO ANTERIOR.**

Teremos en conta a globalidade da etapa na adquisición das aprendizaxes. Asemade traballaremos as tres áreas de aprendizaxe de xeito significativo.

Nas avaliacións iniciais detectaranse as necesidades do alumnado, así como aquelas áreas nas que necesita un maior apoio de acorde a súa idade.

## **8. MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS QUE SE VAIAN A EMPREGAR.**

O centro no que nos atopamos, como ben sinalamos na contextualización é un centro no que conviven alumnos das dúas etapas.

Contamos cunha aularepartidas por rincóns e pola que se accede ao cuarto de baño pasando pola biblioteca.

No centro tamén dispoñemos doutra aulade usos múltiples que empregaremos para desdobrar nas materias de inglés e relixión , para os recreos nos días de choiva e para psicomotricidade/educación física sempre e cando non se poida realizar no exterior.

O centro conta con **biblioteca** de aula que se vai acondicionando cada ano. Este ano en concreto viase acondicionar grazas a unha partida económica.

Ademáis teremos presentes as indicacións expostas no Protocolo Covid.

Non dipoñemos de aula de informática nin de ordenadores para o alumnado, mais si temos unha pantalla dixital.

A aula están pouco dotada de material didáctico e xogos.

## 9. MEDIDAS DE ATENCIÓN A DIVERSIDADE.

Todos os nenos e nenas son diferentes en canto ao estilo e ritmo de aprendizaxe e ás súas motivacións e intereses, por iso, adaptaremos a práctica educativa ás características, necesidades, intereses e ritmo de aprendizaxe de cada un dos nenos/as.

As **Necesidades Específicas de Apoio Educativo (NEAE)** refírense “a aqueles alumnos que requiren unha atención educativa diferente á ordinaria por presentar necesidades educativas especiais, por dificultades específicas de aprendizaxe, TDAH, polas súas altas capacidades intelectuais, por terse incorporado tarde ó sistema educativo, ou por condicións persoais ou de historia escolar, podendo acadar o máximo desenvolvemento posible das súas capacidades persoais e, en todo caso, os obxectivos establecidos con carácter xeral para todo o alumnado” tal e como se recolle no artigo 71 da LOE, polo que a “atención integral ó alumnado con necesidade específica de apoio educativo iniciárase dende o mesmo momento no que dita necesidade sexa identificada e rexerase polos principios de normalización e inclusión”.

É posible que tras a avaliación inicial ou ó longo do curso se detecten ou presenten outros casos de alumnado con necesidades específicas de apoio educativo. Dende o centro, xunto co departamento de orientación, tomaranse as medidas pertinentes que o alumno/a requira.

## 10. CONCRECIÓNS DOS ELEMENTOS TRANSVERSAIS QUE SE TRABALLARÁN.

Os valores son as regras de conduta e actitudes segundo as cales nos comportamos e que están de acordo con aquilo que consideramos correcto. Son contidos asociados ao currículo. Un dos principios xerais que establece a **LOE** fai referencia á necesidade de poñer en práctica os contidos de Educación en valores, nos que se favoreza o desenvolvemento da liberdade persoal, a responsabilidade, a cidadanía democrática, a solidariedade, a tolerancia, o respecto, a xustiza, a prevención de conflitos e a súa resolución pacífica, a non violencia en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social, así como o desenvolvemento da igualdade de dereitos e oportunidades entre homes e

mulleres (***VII Plan de actuacións para a igualdade***) segundo o establecido na ***Lei 4/2011 do 30 de Xuño***, que complementábase co ***Decreto 8/2015 do 8 de Xaneiro***. Traballarémolos de forma globalizada e transversal incluíranse nas distintas áreas, aproveitando as posibilidades destas, mediante rutinas, proxectos de centro Para desenvolver a educación en valores,teremos en conta a xa citada, ***Orde do 19 Maio de 2021 pola que se aproba o calendario escolar para o curso 2021/22 nos centros docentes sostidos con fondos públicos na Comunidade Autónoma de Galicia*** e as conmemoracións establecidas para este curso académico que se traballarán dende as distitnas aulas:

- **20 de novembro de 2021**: Día Universal da Infancia.
- **25 de novembro de 2021**: Día Internacional contra a Violencia de Xénero.
- **Do 30 de novembro ao 7 de decembro de 2021**: conmemoración da Constitución e do Estatuto de autonomía de Galicia.
- **3 de decembro de 2021**: Día Internacional das Persoas con Discapacidade.
- **10 de decembro de 2021**: Día da Declaración Universal dos Dereitos Humanos.
- **24 de xaneiro de 2022**: Día Internacional da Educación.
- **30 de xaneiro de 2022**: Día Escolar da non Violencia e da Paz.
- **24 de febrero de 2022**: Día de Rosalía de Castro.
- **8 de marzo de 2022**: Día Internacional da Muller.
- **15 de marzo de 2022**: Día Mundial dos Dereitos do Consumidor.
- **Do 7 ao 11 de marzo de 2022**: Semana da Prensa. Un día desta semana traballarase na aula con xornais.
- **7 de abril de 2022**: Día Mundial da Saúde.
- **Entre o 18 ao 22 de abril de 2022**: Semana do Libro.
- **2 de maio de 2022**: Día Internacional contra o Acoso Escolar.
- **9 de maio de 2022**: Día de Europa.
- **Do 16 ao 20 de maio de 2022**: Semana das Letras Galegas.

- **5 de xuño de 2022:** Día Mundial do Ambiente

Cabe sinalar que traballaremos a solidariedade, a igualdade seguindo o establecido na **Lei Orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes**, o respecto... entre outros a través das actividades que se realizarán no Proxecto Educativo. Deste xeito, favoreceremos a transmisión de valores positivos ao longo de todo o curso escolar, aínda que nalgún deles faremos especial fincapé coas **conmemoracións** que celebremos.

Así, fomentaremos a **resolución pacífica de conflitos e educación para a Paz**, a **igualdade entre persoas** de diferente relixión, xénero, cultura, sexualidade, etnia... seguindo o establecido polo *Protocolo educativo para garantir a igualdade, a non discriminación e a liberdade de identidade de xénero*, a **empatía**, o **coidado do medio ambiente e saúde**.

Este curso académico cobra especial importancia a saúde, dada a situación de COVID-19 que estamos a vivir. Será fundamental inculcar no noso alumnado hábitos relacionados coa hixiene e co coidado de si mesmo. É fundamental que os nenos cumpran o establecido no **Protocolo Covid** do noso centro educativo.

## **11. INFORMACIÓN E COMUNICACIÓN ÁS FAMILIAS.**

Unha das funcións das mestras/es de Educación infantil é a de fomentar a colaboración das familias, tal e como se establece no noso decreto curricular e tamén no ROC, **Decreto 374/1996 do 17 de outubro**.

Por outra banda, a **Orde do 25 de xuño de 2009 pola que se regula a implantación, o desenvolvemento e a avaliación do segundo ciclo da educación infantil na Comunidade Autónoma de Galicia** tamén nos sinala que as **entrevistas individuais** coas familias constituirán unha das principais técnicas e fontes de información para o proceso de avaliación ao poder aportarnos datos extra de como é o desenvolvemento do seu fillo/a.

Para realizar as titorías temos que ter en conta o seguinte:

- Realizaráanse os martes en horario de 14:30 a 15:30.

- Priorizaranse as reunións de xeito telemático a través da aplicación informática Webex.
- No caso de non poder realizar de xeito telemática cumpriranse todas as medidas establecidas no Protocolo Covid: máscara, distancia de seguridade...

Asemade entregaremos **boletíns trimestrais** para que as familias coñezan o proceso de desenvolvemento dos seus fillos e fillas, tal e como recolleremos no apartado centrado na avaliación. Asemade, a **Orde do 22 de xullo de 1997 pola que se regulan determinados aspectos de organización e funcionamento das escolas de Educación Infantil e dos colexios de Educación Primaria**. Así pois, promoveremos, polo menos, unha reunión individual con cada familia en cada trimestre, ademais daquelas outras que se consideren necesarias e dos contactos informais diarios que se poidan suceder. En relación a como **favoreceremos a implicación das familias** no día a día da aula, temos que dicir que se realizará de variadas formas, recalcándolle en todo o momento ás familias que a nosa, é unha aula aberta, aínda que pola situación non podan acceder ao centro educativo.

Como **canles de comunicación** establecemos os seguintes:

- Correo electrónico do centro e das mestras titoras
- Páxina web do cole
- Axenda
- Caderno de bitácora
- Aplicación Abalar para dar avisos
- Titorías individuais.

## **12.LIBROS DE TEXTO E OUTROS RECURSOS.**

O equipo de ciclo decidiu non empregar libros de texto. É importante sinalar que empregaremos distintos recursos.

Os recursos son aqueles que polas súas características e significatividade para as crianzas serven para acadar os obxectivos e estarán seleccionados e

utilizados segundo as características e necesidades específicas do contexto e de cada individuo.

Os materiais curriculares axeitaranse aos tipos de contidos, ás características e necesidades específicas de cada contexto educativo e consecuentemente ás características individuais do alumnado.

Estes materiais permitirán distintos graos de uso; para iso, serán o máis diversos posible, ofrecerán múltiples posibilidades de utilización en función das necesidades de cada situación e momento.

Estarán presentes nas aulas elementos do medio natural e sociocultural que favorezan o vínculo coa identidade do alumnado e creen un ambiente significativo, ademais de espertar o interese por explorar e experimentar cos elementos que as nenas e os nenos teñen ao seu dispor.

### **13. UNIDADES DIDÁCTICAS.**

A día de hoxe e unha vez consultadas as súas inquiredanzas, ao longo do curso levaranse a cabo na medida do posible dous proxectos: as forzas de seguridade ( policías, bombeiros,...) e os animais de granxa, en concreto, as vacas.


Porén no primeiro trimestre, no mes de setembro como se mencionou no apartado propio da avaliación, levarase a cabo unha avaliación inicial co alumnado e o traballo de contidos de niveis anteriores. Así pois, tamén se traballará un achegamento á realidade máis próximas, aproveitando a chegada do Outono, o Samaín, elaborando pequenas unidades didácticas no primeiro trimestre. A partir de aí, realizaranse os proxectos que arriba se citan sen que isto signifique que non haxa modificacións xa que partimos sempre dos intereses do alumnado.


### **14. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES.**


As actividades complementarias e extraescolares serán propostas pola responsable do centro e levaranse a cabo na medida que a situación actual pandémica o permita. Este curso académico e tendo en conta o establecido no


**Protocolo Covid:**




 **Recoméndase non realizar eventos e celebracións de grande afluencia de** persoas. De térense que realizar, faranse tendo en conta as medidas , distanciamento e aforos.

 **Realizaranse as actividades e celebracións de centro,** se a situación epidemiolóxica o permite.

 Estas celebracións poden ter lugar dun xeito diferente,tendo en conta como é o noso centro xa que somos un grupo burbulla..Levaranse a cabo sempre que o tempo o permita ao aire libre.Faranse os labores de limpeza e desinfección preceptivas antes e despois da celebración do evento.Empregaranse medios telemáticos sempre e cando sexa preciso.

 En canto a actuacións no propio centro, poderán levarse a cabo sempre que as quendas repecten o aforo e se respecten as normas de hixiene e ventilación entre actos.

 As saídas didácticas poderán levarse a cabo respectando a normativa vixente no momento de realizalas, sobre todo en canto ao aforo de museos e salas e de transporte.

## **15. ATENCIÓN EDUCATIVA.**

Ao longo do curso 2021-2022 non hai ningún neno/a matriculado en atención educativa. De ser así, levaríase a cabo na aula do lado e non se podería facer desdobre con Relixión.

Na Atención Educativa traballaremos a Intelixencia Emocional e os Valores a través principalmente da literatura infantil, dinámicas e xogos.

O que se pretende traballar coa intelixencia emocional é que os alumnos e alumnas sexan capaces de percibir, comprender, manexar e empregar as emocións.

Debemos de abordar as emocións como algo importante, e non ignorar os sentimentos que expresan os nenos e nenas nun determinado momento. Igual de necesario, é saber expresar e identificar as emocións nun mesmo e nos demais, así como comprender as emocións negativas.

Temos que fomentar o respecto e aceptación polas emocións alleas, e tamén aprender a adecuar as nosas ó contexto no que se desenvolve.

A maiores, queremos potenciar unha educación en valores, pola importancia que teñen os hábitos e valores nesta etapa, xa que a adquisición de determinadas conductas favorecen a autonomía e seguridade dos nenos e nenas. Co firme propósito, de desenvolver valores positivos e de non discriminación ante a diversidade.

A través de diferentes propostas, intentarase que o alumnado se achegue a estos valores, tanto persoais como sociais, baseados na autonomía, autoestima, amizade, responsabilidade, tolerancia, igualdade, cooperación.etc., que lles axudarán no proceso de socialización, tanto dentro como fóra do ámbito educativo.

### **15.1 OBXECTIVOS**

- Coñecerse a si mesmo e valorarse
- Recoñecer os propios gustos e preferencias
- Asumir responsabilidades
- Valorarse e tomar iniciativas
- Recoñecer os propios logros e erros
- Identificar, expresar e comprender emocións a través da linguaxe oral e non verbal
- Respetar emocións alleas e adecuar as propias ó contexto
- Enriquecer as relacións sociais
- Traballar en grupo e solucionar conflitos
- Desenvolver a autoconfianza, a tolerancia e a creatividade.
- Ser consciente dos pensamentos negativos
- Realizar críticas construtivas
- Respetar e tolerar as diferenzas persoais

### **15.2 CONTRIBUCIÓN ÁS COMPETENCIAS BÁSICAS**

- Competencia para aprender a aprender.
- Competencia social e cidadá.
- Competencia en comunicación lingüística.

Asemade contribuiremos a adquisición da competencia emocional proposta por autores como Mar Romera ou Goleman.

### **15.3 CONTIDOS**

- Identificación e expresión de sentimentos e emocións propios e alleos.
- Recoñecemento e respecto dos sentimentos, emocións e necesidades dos demais.
- Aceptación e valoración axustada de si mesmo e dos demais.
- Aceptación das características e diferenzas propias e dos demais.
- Fomento do gusto pola lectura.
- Traballo en grupo e cooperativo
- Coñecemento dos propios logros e erros
- Identificación dos propios gustos e preferencias
- Desenvolvemento da tolerancia e a empatía
- Emprego do diálogo na resolución de conflitos

### **15.4 METODOLOXÍA**

As actividades de Atención Educativa traballaranse de xeito lúdico, levando a cabo dinámicas e xogos mediante un enfoque globalizador de aprendizaxe. Para isto empregaremos contos, recursos audiovisuais, vivencias e situación cotiás, e practicarase a resolución de conflitos, tanto individual como de xeito colectivo.

Estes temas estarán relacionados co Autoconocemento, a Autonomía, a Comunicación, a Autoestima, as Habilidades sociais e a Resolución de conflitos.

Teranse en conta os principios metodolóxicos de: globalización, individualización, socialización, actividade e actividade lúdica.

### **15.5 ACTIVIDADES**

As actividades levaranse a cabo seguindo as fases que se expoñen a continuación:

- Asemblea.
- Lectura ou visionado do conto.
- Comentario do conto.
- Xogos e dinámicas sobre o conto
- Actividades de ampliación e/ou reforzo do contido a traballar

- Asemblea final ou conclusións.
- Actividades manuais de expresión plástica.

## **15.6 AVALIACIÓN**

Atendendo á **Orde do 25 de xuño de 2009** que regula a avaliación na etapa de Educación Infantil, levarase a cabo unha avaliación por observación, directa e sistemática. Será global, continua e formativa levándose a cabo a través dunha avaliación inicial, procesual e final a través de asembleas (nas que se coñecerán os coñecementos previos), e conclusións a través dun rexistro con pautas de observación (nas que se avaliarán os coñecementos finais ó rematar unha dinámica). Os referentes de avaliación son os criterios propostos no decreto curricular.

## **16. RELIXIÓN CATÓLICA**

A formación relixiosa e moral católica contribúe á formación integral do alumnado, ó desenvolver especialmente a súa capacidade de apertura á transcendencia, facilitarlle unha proposta de sentido para a súa vida e ilumina-lo fundamento daqueles valores comúns que fan posible unha convivencia libre, pacífica e solidaria. É propio da ensinanza relixiosa a súa preocupación pola calidade da educación que se imparte desde a infancia. Nesta idade tan decisiva para o posterior desenvolvemento da súa personalidade, é o momento no que o neno ou nena comeza a comprende-lo mundo que o rodea e a relacionarse con el. Neste proceso, que se desenvolve no ámbito familiar e da escola, o afectivo exerce un papel relevante e constitúese en camiño para a aprendizaxe. O sentido transcendente da vida –capacidade básica do individuo– está enraizado no máis profundo do ser, e o neno ou nena pode recoñecelo nos símbolos e signos do seu contorno, nas experiencias relixiosas dos seus maiores, así como na cultura que se transmite na escola. Non podería existir unha formación integral se non se desenvolvesen tódalas capacidades inherentes ó ser humano, entre as que se atopa constitutivamente a capacidade transcendente.

Esta formación relixiosa e moral católica conta cunha longa tradición no sistema educativo español e, respondendo a razóns profundas da institución escolar e a dereitos humanos recoñecidos pola Constitución española, está garantida actualmente polo Acordo suscrito entre o Estado español e a Santa Sé sobre Ensinanza e Asuntos Culturais, firmado o 3 de xaneiro de 1979, no que se establecen os principios que fan posible as garantías constitucionais.

O finalizar a educación infantil pretendese que o alumnado desenvolva os seguintes **obxectivos**:

1. Coñecer que Deus creou o mundo e que temos que comprometernos a valoralo, respetalo e coidalo como o gran regalo que Deus nos fixo.

2. Coñecer que a Biblia é o libro sagrado para os cristiáns, que contén moitas historias de persoaxes bíblicos.

3.- Utilizar diferentes representacións e expresións artísticas, desenvolvendo a sensibilidade estética e a capacidade de desfrute das súas diferentes manifestacións e iniciándose na construción de propostas persoais.

4.- Coñecer, valorar e respectar as diferentes relixións, culturas e os seus patrimonios, as diferenzas entre as persoas, a igualdade de dereitos e oportunidades de homes e mulleres e a non discriminación de persoas por ningunha causa.

5.- Desenvolver hábitos de traballo individual e de equipo, de esforzo e de responsabilidade no estudo, así como actitudes de confianza en si mesmo, sentido crítico, iniciativa persoal, curiosidade, interese e creatividade na aprendizaxe.

6. Adquirir habilidades para a prevención e para a resolución pacífica de conflitos que lle permitan desenvolverse con autonomía no ámbito familiar e doméstico, así como nos grupos sociais cos cales se relaciona.

7. Coñecer e apreciar os valores e as normas de convivencia, prepararse para o exercicio activo da cidadanía e respectar os dereitos humanos así como o pluralismo propio dunha sociedade democrática.

## **PROGRAMACIÓN DA UNIDADE 1** (Do 9 de setembro ao 8 de outubro de 2021)

### **OBXECTIVOS**

---

- 1 Admirar os elementos da natureza.
- 2 Descubrir que os animais e as plantas son un regalo de Deus.
- 3 Coñecer o relato bíblico «A Creación de Deus».
- 4 Expresar agradecemento a Deus por poder colaborar con Él no coidado da natureza.
- 5 Desenvolver o hábito de coidar as mascotas.

### **CRITERIOS DE AVALIACIÓN**

---

- 1 Colorea elementos da natureza.
- 2 Identifica os animais e as plantas.
- 3 escoita con atención o relato bíblico «A Creación de Deus».
- 4 Identifica un xesto de coidado cara aos animais.
- 5 Adquire o propósito de coidar as mascotas.

### **CONTIDOS**

---

#### **Elementos da natureza.**

- Observación e recoñecemento de elementos da natureza.
- Actitude de admiración pola variedade de animais e plantas.

#### **A Creación, un gran regalo de Deus.**

- Identificación de plantas e animais.
- Toma de conciencia da importancia que ten realizar con esmero os traballos de clase.

#### **O relato bíblico «A Creación de Deus».**

- escoita atenta do relato bíblico.
- Curiosidade por coñecer a ensinanza do relato sobre a Creación de Deus.

## **Oración de agradecemento a Deus por poder colaborar con El no coidado da natureza.**

- Observación dun xesto de coidado dos animais.
- Agradecemento a Deus a través da expresión corporal por poder colaborar con El no coidado da natureza.

## **Desenvolvemento de bos hábitos.**

- Compromiso de adquirir o hábito de coidar as mascotas.
- Coloreado dunhas mascotas.

## **PROGRAMACIÓN DA UNIDADE 2**

(Do 13 de outubro ao 12 de novembro 2021)

### **OBXECTIVOS**

1 Identificar as actividades que se poden realizar coas diferentes partes do corpo. 2 Tomar conciencia de que o corpo é un regalo de Deus.

3 Coñecer o relato bíblico «Adán e Eva».

4 Expresar agradecemento a Deus polas actividades que se poden realizar co corpo. 5 Desenvolver o hábito de saudar os amigos.

### **CRITERIOS DE AVALIACIÓN**

1 Diferencia as partes do corpo que se utilizan para xogar.

2 Imita actividades que se poden realizar coas diferentes partes do corpo.

3 Escoita o relato bíblico «Adán e Eva».

4 Expresa unha oración de agradecemento a Deus, polo corpo que nos regala, coa axuda da expresión corporal.

5 Adquire o propósito de saudar os amigos.

### **CONTIDOS**

#### **Actividades que se realizan coas diferentes partes do corpo.**

- Observación de actividades que se realizan co corpo.
- Alegría por descubrir o noso corpo.

#### **O corpo como un regalo de Deus.**

- Observación de diferentes partes do corpo.
- Interese por descubrir algunhas partes do corpo.

#### **O relato bíblico «Adán e Eva».**

- Audición atenta do relato bíblico «Adán e Eva».
- Curiosidade por coñecer a ensinanza do relato bíblico.

### **Oración de agradecemento a Deus polo regalo do corpo e as actividades que se poden realizar con el.**

- Expresión de agradecemento a Deus por poder realizar actividades co corpo con axuda da expresión corporal.
- Alegría por expresar unha oración.

### **Desenvolvemento de bos hábitos.**

- Compromiso de adquirir o hábito de saudar os amigos.
- Identificar os xestos que se realizan para saudar.

## **PROGRAMACIÓN DA UNIDADE 3**

(Do 15 de novembro ao 21 de decembro de 2021)

### **OBXECTIVOS**

- 1 Participar con alegría na montaxe dun belén.
- 2 Descubrir que Xesús naceu en Belén.
- 3 escoitar con atención o relato «O nacemento de Xesús».
- 4 Expresarlle agradecemento ao Neno Xesús polo seu nacemento.
- 5 Desenvolver o hábito de decorar a casa por Nadal.

### **CRITERIOS DE AVALIACIÓN**

- 1 Identifica o portal de Belén.
- 2 Nomea o lugar onde naceu o Neno Xesús.
- 3 Identifica os personaxes do belén.
- 4 Dá grazas ao Neno Xesús por nacer e darnos o seu cariño.
- 5 Adquire o propósito de decorar a casa por Nadal.

### **CONTIDOS**

#### **Alegría por participar na montaxe dun belén.**

- Curiosidade por recoñecer a figura do Neno Xesús no belén.
- Gusto por participar en actividades coa familia.

#### **Xesús nace en Belén.**

- Identificación dos camiños que levan ata o portal de Belén.
- Interese por realizar correctamente os traballos.

#### **O relato bíblico «O nacemento de Xesús».**

- escoita atenta do relato bíblico «O nacemento de Xesús».
- Alegría por descubrir a ensinanza do relato bíblico.

#### **Oración de agradecemento ao Neno Xesús por nacer e darme o seu cariño.**

- Identificación de distintos elementos cos que se celebra o nacemento do Neno Xesús.
- Expresión corporal dunha oración ao Neno Xesús.



## **Desenvolvemento de bos hábitos.**

- Compromiso de desenvolver o hábito de decorar a casa por Nadal.
- Coloreado da estrela de Oriente.

## **PROGRAMACIÓN DA UNIDADE 4** (Do 10 de xaneiro ao 11 de xaneiro de 2022)

### **OBXECTIVOS**

---

- 1 Descubrir a importancia de ter unha familia.
- 2 Coñecer a familia de Xesús.
- 3 Descubrir o relato bíblico «Xesús no templo».
- 4 Expresar agradecemento a Deus por ter unha familia e gozar con ela.
- 5 Desenvolver o hábito de recoller os xoguetes cando se utilizan.

### **CRITERIOS DE AVALIACIÓN**

---

- 1 Recoñece a importancia de obedecer os pais.
- 2 Identifica a Virxe María e San Xosé.
- 3 Recita a ensinanza do relato bíblico.
- 4 Sinala momentos de gozo coa familia.
- 5 Adquire o propósito de recoller os seus xoguetes.

### **CONTIDOS**

---

#### **A importancia de ter unha familia.**

- Observación dos membros dunha familia.
- Actitude positiva ao recoñecer a importancia de obedecer os pais.

#### **A familia de Xesús.**

- Identificación da Virxe María e San Xosé.
- Interese por coñecer como viviu Xesús coa súa familia.

#### **O relato bíblico «Xesús no templo».**

- Coloreado das columnas do templo onde se encontra a familia de Xesús.
- Alegría por escoitar o ensino do relato bíblico.

#### **Oración de agradecemento a Deus por ter unha familia e gozar con ela.**

- Observación de momentos de gozo coa familia.
- Expresión dunha oración de agradecemento a Deus pola familia, coa axuda da expresión corporal.

#### **Desenvolvemento de bos hábitos.**

- Compromiso de recoller os xoguetes que se utilizan.
- Identificación dos xoguetes que deben aparecer nun estante.

## PROGRAMACIÓN DA UNIDADE 5

(Do 14 de febreiro ao 11 de marzo de 2022)

### **OBXECTIVOS**

---

- 1 Valorar a importancia de compartir e mostrar xestos de amor cara aos demais.
- 2 Descubrir como ensina Xesús a amar e compartir.
- 3 Descubrir o relato bíblico «Xesús cura un enfermo».
- 4 Expresar agradecemento a Deus por ensinarnos a compartir e a mostrar amor aos demais.
- 5 Adquirir o hábito de dar un bico antes de deitarse.

### **CRITERIOS DE AVALIACIÓN**

---

- 1 escoita con interese un conto sobre a importancia de mostrar xestos de amor e compartir.
- 2 Identifica comportamentos de amor e de compartir.
- 3 Recoñece a Xesús como a persoa que realiza o xesto de amor no relato bíblico.
- 4 Explica os xestos de amor e de compartir que se mostran na ilustración.
- 5 Adquire o propósito de dar un bico antes de deitarse.

### **CONTIDOS**

---

#### **A importancia de compartir e mostrar xestos de amor.**

- Coloreado do obxecto que comparten os personaxes da ilustración.
- Gusto por desenvolver comportamentos que mostran amor cara aos demais.

#### **Xesús ensina a amar e compartir.**

- Identificación da viñeta onde os personaxes comparten.
- Toma de conciencia da importancia que leva consigo amar e compartir.

#### **O relato bíblico «Xesús cura un enfermo».**

- Identificación da persoa á que cura Xesús.
- Apreciación do relato bíblico sobre Xesús, así como da súa ensinanza, tras escoitalo en silencio.

#### **Oración de agradecemento a Deus por ensinarme a compartir e a mostrar amor aos demais.**

- Observación e coloreado do obxecto que se comparte.
- Expresión de agradecemento a Deus a través da expresión corporal por ensinarme a compartir e a mostrar amor aos demais.

#### **Desenvolvemento de bos hábitos.**

- Compromiso de desenvolver o hábito de dar un bico antes de deitarse.
- Coloreado dun corazón para demostrar amor á familia.

## **PROGRAMACIÓN DA UNIDADE 6**

(Do 14 de marzo ao 8 de abril de 2022)

### **OBXECTIVOS**

---

- 1 Valorar a importancia de participar nas festas relacionadas con Xesús.
- 2 Descubrir a festa do Domingo de Ramos.
- 3 Coñecer o relato bíblico «Xesús entra en Xerusalén».
- 4 Expresar a alegría de poder acompañar a Xesús el Domingo de Ramos.
- 5 Desenvolver o hábito de asistir en silencio ás procesións.

### **CRITERIOS DE AVALIACIÓN**

---

- 1 Identifica as festas nas que participa.
- 2 Recoñece a palma como un símbolo do Domingo de Ramos.
- 3 Escoita con atención a ensinanza do relato bíblico «Xesús entra en Xerusalén».
- 4 Expresa unha oración de agradecemento a Deus, con axuda da expresión corporal.
- 5 Adquire o propósito de ver en silencio as procesións.

### **CONTIDOS**

---

#### **A importancia de participar nas festas relacionadas con Xesús.**

- Diálogo sobre a participación na festa do Domingo de Ramos.
- Valoración da alegría por participar nas festas.

#### **A festa do Domingo de Ramos.**

- Actividade de encher unha palma con plastilina.
- Interese por descubrir unha festa sobre Xesús.

#### **O relato bíblico «Xesús entra en Xerusalén».**

- Identificación das persoas que se alegran ao ver a Xesús.
- Curiosidade por coñecer o relato bíblico e a súa ensinanza.

#### **Oración de agradecemento a Xesús por poder acompañalo durante a festa do Domingo de Ramos.**

- Identificación dos nenos que acompañan a Xesús na procesión.
- Alegría por expresar unha oración con axuda da expresión corporal.

#### **Desenvolvemento de bos hábitos.**

- Compromiso de desenvolver o hábito de ver en silencio as procesións.
- Coloreado do traxe de penitente.

## PROGRAMACIÓN DA UNIDADE 7

(Do 19 de abril ao 13 de maio de 2022)

### **OBXECTIVOS**

---

- 1 Valorar a importancia do silencio para escoitar e falar con Xesús e cos demais.
- 2 Descubrir a oración como diálogo con Deus.
- 3 Coñecer o relato bíblico «Samuel fala con Deus».
- 4 Expresar agradecemento a Deus por poder falar con El.
- 5 Desenvolver o hábito de rezar a Deus Padre.

### **CRITERIOS DE AVALIACIÓN**

---

- 1 Dialoga sobre a importancia do silencio.
- 2 Expresa a alegría de falar con Deus.
- 3 Dialoga sobre o relato bíblico da unidade e a súa ensinanza.
- 4 Expresa unha oración de agradecemento a Deus con axuda da expresión corporal.
- 5 Adquire o propósito de rezar a Deus Pai.

### **CONTIDOS**

---

#### **A importancia do silencio.**

- Diálogo sobre a necesidade de gardar silencio para escoitar e falar con Xesús e cos demais.
- Identificación dos xestos de oración.

#### **A oración como diálogo con Deus.**

- Identificación de situacións de oración.
- Interese por falar con Deus.

#### **O relato bíblico «Samuel fala con Deus».**

- Coloreado da alfombra onde Samuel lle reza a Deus.
- Curiosidade por coñecer a ensinanza do relato bíblico.

#### **Oración de agradecemento a Deus por escoitarme e poder falar con El.**

- Recoñecemento de elementos que nos axudan a rezar.
- Alegría por poder expresar unha oración con axuda da expresión corporal.

#### **Desenvolvemento de bos hábitos.**

- Compromiso de desenvolver o hábito de rezar a Deus Pai.
- Imitación de xestos de oración a Deus Pai.

## **PROGRAMACIÓN DA UNIDADE 8**

(Do 16 de mayo ao 22 de xuño de 2022)

### **OBXECTIVOS**

---

- 1 Identificar obxectos que axudan a sentirse máis preto de Xesús.
- 2 Descubrir obxectos que recordan a Xesús.
- 3 Coñecer o relato bíblico «O templo de Salomón».
- 4 Expresar agradecemento a Xesús polos obxectos que axudan a recordalo.
- 5 Desenvolver o hábito de recordar con amor a Xesús.

### **CRITERIOS DE AVALIACIÓN**

---

- 1 Enumera obxectos que axudan a sentirse máis preto de Xesús.
- 2 Sinala os obxectos relacionados con Xesús.
- 3 Escolta con atención o relato bíblico «O templo de Salomón» e o seu ensino.
- 4 Expresa unha oración con axuda da expresión corporal.
- 5 Adquire o propósito de recordar con amor a Xesús.

### **CONTIDOS**

---

#### **Obxectos que axudan a sentirse máis preto de Xesús.**

- Diálogo sobre os obxectos relacionados con Xesús.
- Interese por coñecer obxectos que axudan a estar preto de Xesús.

#### **Obxectos que recordan a Xesús.**

- Recoñecemento de obxectos que nos recordan a Xesús.
- Curiosidade por descubrir os obxectos relacionados con Xesús.

#### **O relato bíblico «O templo de Salomón».**

- Coloreado das columnas do templo que construíu o rei Salomón.
- Interese por descubrir a ensinanza do relato bíblico da unidade.

#### **Oración de agradecemento a Xesús polos obxectos que axudan a recordalo.**

- Identificación de obxectos relacionados con Xesús.
- Goce por expresar unha oración de agradecemento a Xesús dunha forma verbal e coa axuda da expresión corporal.

#### **Desenvolvemento de bos hábitos.**

- Compromiso de desenvolver o hábito de recordar con amor a Xesús.
- Coloreado dunha medalla do Neno Xesús.

<b>ADAPTACIÓN PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA CURSO 2021-2022</b>	
<b>Área/Materia:</b> RELIXIÓN CATÓLICA	<b>Etapa, Nivel:</b> INFANTIL
<b>Medidas de atención á diversidade</b>	Maior atención y seguemento na comunicación. A Través de fotocopiabes de reforzo. Adaptacións das tarefas e outros recursos do proxecto para a diversidade.
<b>Canles de comunicación con alumnos/familias e equipo docente</b>	A través dos titores. A través dos correos electrónicos co equipo docente
<b>Plataformas e recursos didácticos</b>	Páxina web do colexio e aula virtual. Recursos das editoriais e material dixitalizado de Relixión e recursos de internet. E material dixitalizado adaptado.
<b>Criterios de avaliación da Área/Materia</b>	Valoración de forma positiva das tarefas enviadas.
<b>CONTIDOS ESENCIAIS</b>	<b>AVALIACIÓN (Procedementos e instrumentos)</b>
A MIÑA FAMILIA, A FAMILIA DE XESÚS.	Correos enviados polas familias con fotografías, vídeos o por mediación de escáner dos traballos realizados polos alumnos.
MARÍA NAI DE XESÚS	
O COIDADADO DA NATUREZA	
A OVELLA PERDIDA	

### **ADAPTACIÓN PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA A TRAVÉS SO DA AULA VIRTUAL. CURSO 2021-2022**

**Área/Materia:** RELIXIÓN CATÓLICA **Etapa, Nivel:** INFANTIL

Primeiro trimestre curso 2021/22

#### **Medidas de atención á diversidade**

Maior atención y seguemento na comunicación. . A Través de fotocopiabes de reforzo. Adaptacións das tarefas, vídeos e outros recursos do proxecto para a diversidade.

#### **Medios de comunicación con alumnos/familias e equipo docente.**

A través al aula virtual do centro e a través dos titores.

A través dos correos electrónicos co equipo docente.

## **Plataformas y recursos Didácticos**

Recursos das editoriais e material dixitalizado de Relixión y recursos de internet.e material dixitalizado adaptado.

## **CONTIDOS ESENCIAIS AVALIACIÓN**

### **(Procedementos e instrumentos)**

**Coñecer o relato bíblico «A CREACIÓN É OBRA DE DEUS»:** do 9 de setembro a 8 de outubro de 2021: visionado da película, en YouTube , en sesións de 20 minutos, a través de aula virtual do centro referente a cada sesión da película, para imprimir na casa con debuxos para colorear.

**ANIMAIS E PRANTAS, UN REGALO PARA COIDAR:** do 13 de outubro a 12 de novembro de 2021: Láminas de animais domésticos e salvaxes, diferenzas e similitudes entre eles. Coñecemento de prantas do entorno por medio de imaxes no ordenador.

Material fotocopiable de animais e prantas para fotocopiar e colorear.

**GÚSTAME O NADAL!:** do 15 de novembro ao 21 de decembro de 2021: película «O nacemento de Xesús», visionado da película, en YouTube , en sesións de 20 minutos, a través de aula virtual do centro referente a cada sesión da película. Material para descargar e imprimir na casa con debuxos para colorear. Manualidade: coroa de Advento.

## **SEGUNDO TRIMESTRE**

**A FAMILIA:** do 10 de xaneiro ao 11 de febreiro de 2022: A Sagrada Familia, Identificación dos distintos membros da súa familia, material audiovisual cos membros da Sagrada Familia e esceas familiares cotiás. Fichas para colorear da familia.

**O BAUTISMO:** do 14 de febreiro ao 8 de abril de 2022: o Bautismo de Xesús, O Bautismo de cada un de nos. Amosar na Aula Virtual, fotografías do bautismo de cada neno.

## **TERCEIRO TRIMESTRE**

**APRECIAR O VALOR DE PARTICIPAR NAS FESTAS:** do 19 de abril ao 13 de maio de 2022:

**A PASCUA**, material descargable con referencia a Pascua (ovos, coellos, postais).

**IMOS DE VACACIÓNS:** do 16 de maio ao 22 de xuño de 2022: Película “**Bi-chos**”,

**MATERIAIS:**

- Debuxos
- Película DVD
- CD audio de cancións.
- Fichas descargables

**Criterios da avaliación da Área/Materia**

Valoración de forma positiva das tarefas enviadas.

**17. PLANS**

**17.1 PLAN DE CONVIVENCIA**

<b>PROGRAMA DE ACOLLIDA AO NOVO ALUMNADO DE EDUCACIÓN INFANTIL</b>	
<b>XUSTIFICACIÓN</b>	<p>Co inicio da escola prodúcese na vida dos alumn@s unha serie de cambios ao pasar dun ambiente que o neno/a coñece (casa, país, irmáns...) e domina, a un mundo descoñecido (escola, novos espazos, novos profesores...).</p> <p>O alumno/a ten que pasar por un período de adaptación á escola que lle leva un tempo, e a escola acolle aos novos alumnos/as cunha serie de actividades que axudarán ao neno/a, pais, nais, titores/as a superar de xeito satisfactorio o proceso de adaptación.</p>



<b>OBXECTIVOS</b>	Favorecer a adaptación do novo alumnado de educación Infantil á escola.
<b>ACTIVIDADES</b>	<p><b>A) COORDINACIÓN:</b></p> <p>Reunión do profesorado para preparar o período de adaptación.</p> <p><b>B) ACOLLIDA Á FAMILIA:</b></p> <p><b>6      <u>ALUMNADO QUE INICIA A ESCOLARIZACIÓN:</u></b></p> <p>En xuño realizarase una reunión coas familias do alumnado que inicie a súa escolarización (<i><b>este ano non foi posible debido á pandemia, pero fíxose vía telefónica</b></i>), na que se lles informa sobre:</p> <p>6      O que significa o período de adaptación.</p> <p>7      Normas, horarios, suxestións para os primeiros días.</p> <p>En setembro, entregaranse:</p> <p>6      Horarios.</p> <p>7      Cuestionario (datos persoais, familiares, de saúde, desenvolvemento evolutivo, autonomía, sociabilidade, comportamento...)</p> <p>7      <b><u>Visita ás instalación do centro.</u></b></p> <p>8      <b><u>Reunión co grupo de familias para toda a etapa en setembro.</u></b></p> <p>Aportarase a seguinte información:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Obxectivos de curso.</li> <li>- Membros do equipo docente.</li> </ul>

	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Aprendizaxe lecto-escritura.</li> <li>- Normativa interna da aula (puntualidade, asistencia, hábitos de hixiene, normas hixiene, normas do centro, alimentación...).</li> </ul> <p><b>C) ACOLLIDA DO ALUMNADO:</b></p> <p>Forma progresiva de comezar os alumnos:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Organización da aula.</li> <li>- Incorporación en grupos reducidos.</li> <li>- Tempos de estancia, entradas-saídas.</li> <li>- Actividades que faciliten o coñecemento dos compañeiros e a familiarización con eles, coa titora e cos espazos.</li> </ul>
<b>TEMPORALIZACIÓN</b>	<p>Mes de marzo (matrícula).</p> <p>Mes de xuño (reunión familias de 3 anos e xornadas de portas abertas, se a situación epidemiolóxica o permite).</p> <p>Mes de setembro (período de adaptación).</p>

## 17.2. PLAN DIXITAL DE CENTRO.

Este curso elaborárase o plan dixital de centro a través dun plan de formación que facemos en conxunto coa escola de Visantofña e no que a coordinadora do mesmo serei eu mesma. A maiores deste, formamos un grupo de traballo tamén entre as dúas escolas co gallo de mellorar os coñecementos na aula virtual. Dentro deste plan detectaranse as necesidades e realizáraseo proxecto para que o curso próximo se leve a cabo. É por iso que se levarán a cabo actividades encamiñadas a por en práctica co noso alumnado os coñecementos adquiridos.

## **18 . PERIODO DE ADAPTACIÓN.**

Este curso, incorpórase un alumno por primeira vez ao sistema educativo (4ºEI). Este proceso de adaptación á escola que se coñece como período de adaptación será planificado pedagóxicamente, posto que ten unha gran importancia. Dende o punto de vista do neno/a, a escolarización supón entrar nunha situación descoñecida, experimentando con frecuencia un sentimento de abandono que lle produce inseguridade. O neno/a ten que enfrontarse a un espazo no que se sente desorientado/a e perdido/a e sofre unha desestruturación temporal, onde perde a noción da rutina cotiá á que estaba acostumado/a. Dende o punto de vista da familia, tamén supón unha separación afectiva. Esta situación pode xerar nos nenos/as unha serie de conflitos e condutas que dende a escola debemos coñecer para ofertar a comprensión precisa para poñer en marcha as medidas axeitadas.

Planificarase este período de adaptación tendo en conta os seguintes aspectos:

- flexibilizar o calendario e do horario escolar nos primeiros días.
- crear un clima de confianza coa familia.
- realizar unha entrevista inicial antes de comeza-lo curso.
- crear un ambiente festivo e de acollida na aula e permitir o contacto cos obxectos persoais que traia da casa.

Unha vez comezado o curso levarase a cabo unha avaliación inicial dos alumnos. Realizaranse actividades que permitan o coñecemento progresivo dos distintos espazos do centro para que perdan o medo ao descoñecido. Tamén crearanse espazos individuais que darán seguridade ao pequeno/a ( a súa caixa, o súa cadeira, a súa mesa,...). Nos primeiros días levaranse a cabo actividades máis ben libres e lúdicas, deixando que xoguen e se despracen libremente polas distintas zonas de xogo establecidas. Pouco a pouco, iranse introducindo certas rutinas que lle servirán de referencia.

## 19. AVALIACIÓN DA PROGRAMACIÓN.

Os mecanismos para avaliar a propia programación que empregaremos no centro será unha táboa na que o titor recollerá os datos anualmente, sendo estes o máis realistas posibles, para poder levar a cabo unha revisión e unha análise da mesma a nivel de centro.

<b>REVISIÓN ANUAL DA PROGRAMACIÓN</b>					
<b>ITEM S</b>	<b>100 %</b>	<b>75 %</b>	<b>50%</b>	<b>25%</b>	<b>OBXECTIVO PROPOSTO</b>
	<b>- 75%</b>	<b>50 %</b>	<b>25 %</b>	<b>- 0%</b>	
Ítems da área de coñecementol:					Acadar entre o 100 e o 75% os ítems propostos para a primeira área.
Ítems da área de coñecement o II:					Acadar entre o 100 e o 75% os ítems propostos para a segunda área.
Ítems da área de coñecement o III:					Acadar entre o 100 e o 75% os ítems propostos para a terceira área.
<b>CAUSAS:</b>					
<b>PROPOSTAS DE MELLORA</b>					

